

A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural




Núm. 14 [2011] • ISSN 1139-921X



A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural



Vol. 14 (2011)

2011

Fundación Cultural da Estrada

Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela»

A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural

ISSN 1139-921X

<http://miscelanea.aestrada.com>

Director

Juan Andrés Fernández Castro

Coordinador editorial

Juan L. Blanco Valdés

Comité de Redacción

Juan L. Blanco Valdés | José Manuel Castaño García | María Xesusa Fernández Bascuas | Manuel Mosquera Agrelo.

Consello Consultivo

Xesús Alonso Montero | Carlos Amable Baliñas Fernández | Xosé Luís Barreiro Barreiro | Roberto L. Blanco Valdés | Mercedes Brea | Manuel Cabada Castro | Isaac Díaz Pardo | Xosé Neira Vilas | Xosé Manuel Núñez-Seixas | Víctor F. Freixanes | Vicente Peña Saavedra | Augusto Pérez Alberti | Ofelia Rey Castelao | Anxo Tarrío Varela | Pilar de Torres Luna | Xosé Manuel Vázquez Varela.

© Fundación Cultural da Estrada,
Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela», 2011

Edición

Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela»

Aptdo. 78

36680 A Estrada

museoestrada@aestrada.com

www.museo.aestrada.com

Tradución de *abstracts*

Alexia Estraviz Loureiro

alexiaestraviz@gmail.com

Ilustración de cuberta

Viaducto de Gundián sobre o río Ulla.

Foto: Juan Pablo Villanueva Beltramini. ADIF

Deseño de maqueta e maquetación

Rosa Costas

Impresión

Gráficas Sementeira, S.A.

Chan de Maroñas, 2

15217 Obre - Noia

Dep. Legal: C 2618-2001

Índice

- 7 | Arturo Rivas Castro (1898-1974), un sobranceiro físico e químico de Sabucedo (A Estrada)
Manuel Cabada Castro
- 21 | Sobrevivir ao desamparo e a morte.
Entrevista a Constantino Fernández Prado
Olalla Barreiro Molano; Alba Fernández Sanmartín e Rui Farías
- 35 | Breve achega biográfica a don Antonio Liste Rodríguez, “O Cura Liste” (Riobó 1912-Cambados 2003)
Juan Fernández Casal
- 75 | A Estrada entre ceo e terra
Fernando López Francisco; José López López e J. Pedro Pérez Pérez
- 77 | El viaducto sobre el río Ulla, premio San Telmo 2011 a la mejor obra de ingeniería civil gallega
Juan Pablo Villanueva Beltrami
- 83 | A silente quietude da pedra
Tono Arias, Juan L. Blanco Valdés
- 91 | El legado de Castelao al “Recreo Cultural” de A Estrada
Javier Travieso Mougán
- 107 | La casa de A Silva en Vendexa
Luis Manuel Ferro Pego
- 123 | Propuesta de blasón del concello de A Estrada
Luis Ferro Pego; Javier García Gómez
- 127 | Toponimia menor no Concello de Forcarei.
Quintelas - Dúas Igrexas
M^o José Troitiño López

- 155 | El Voto de Santiago en tierras de Tabeirós
Ofelia Rey Castelao
- 175 | Prontuario metodolóxico para o estudo da desamortización
na comarca estradense
Juan Andrés Fernández Castro
- 199 | As pegadas xacobeas do concello da Estrada (I)
Fernando Cabeza Quiles
- 225 | Un século e medio de *O Vello do Pico-Sagro*
Henrique Neira Pereira
- 235 | Serea de pedra e sal
María Canosa
- 239 | Surrealismo e simbolismo nos contos de Neira Vilas
Newton Sabbá Guimarães
- 251 | Um cancionero estradense
Isabel Rei Samartim
- 261 | <http://miscelanea.aestrada.com>. O encontro dixital coa
cultura estradense
Juan Luis Blanco Valdés



Arturo Rivas Castro (1898-1974), un sobranceiro físico e químico de Sabucedo (A Estrada)

Manuel Cabada Castro*
m.cabada@res.upcomillas.es

Resumo. Preténdese aquí dar a coñecer a figura dun eminente profesor de Física e Química nado en 1898 na parroquia estradense de Sabucedo. Durante moitos anos docente destas disciplinas en centros xesuíticos de bacharelato en Valladolid, Vigo ou Xixón, poucos sabían sobre o seu trascendental descubrimento, a mediados dos anos trinta do século pasado, na Escola Técnica Superior de Múnic (Alemaña). Tratábase dun novo método de análise espectral cuantitativa, que deixou obsoletos os métodos anteriores. Tanto os investigadores como os industriais de diversas nacións recoñeceron a importancia de tal descubrimento. O goberno español interesouse tamén vivamente polas súas aplicacións prácticas. Un descubrimento que lle custou, por certo, a Arturo Rivas esforzos especiais, debido, como se indica na documentación inédita que aquí se ofrece, ós atrancos que o propio director de investigación lle ía poñendo no camiño.

Abstract. The article is aimed to reveal the figure of an eminent Physics and Chemistry teacher who was born in 1898 in Sabucedo. He taught these subjects in Jesuit secondary schools in Valladolid, Vigo and Gijón for many years and almost anybody knew about his momentous discovery in a technical school in Munich (Germany), halfway through the thirties in the last century. It was a new method for quantitative spectrum analysis which made the others obsolete. Both researchers and industrialists from different countries recognized the importance of the find. The Spanish Government was also deeply interested in its practical applications. The discovery meant great efforts for Arturo Rivas because of the obstacles put by the research director, as shown in the unpublished documentation presented below.

Foi o interese que xurdiu hai poucos meses na Universidade de Sevilla pola figura de Arturo Rivas Castro o que fixo que houberse dedicar algo de tempo e enerxías para intentar acadar un coñecemento máis concreto dunha persoa nada na parroquia estradense de Sabucedo, á que lle tocou vivir unha época conflictiva tanto en España coma en Europa. A Universidade de Sevilla traballa, en efecto, neste intre na elaboración dun estudo sobre “a evolución do ensino das ciencias en España durante os últimos cen anos”. Desde

* N. B.: Agradezo a Alfonso Castro Rivas, sobriño de Arturo Rivas, terme proporcionado as fotografías nas que aparece o seu tío, e así mesmo ó meu irmán J. Adolfo a fotografía da casa natal onde naceu o físico e químico de Sabucedo.



Casa natal de A. Rivas en Sabucedo.

o Colexio xesuítico da Inmaculada de Xixón chegoume, por medio do colega e amigo Antonio Pérez García, unha solicitude de colaboración nesta tarefa, dado non só o meu parentesco con el (en canto neto dun irmán da súa nai) senón tamén debido a uns primeiros e iniciais intentos meus de achegarme ó coñecemento da persoa de

Rivas. En realidade, a A. Rivas só o puíden saudar unha vez, cando alá polo ano 1946 mo presentaron no antigo Colexio dos xesuítas de Camposancos (A Guarda), ó pasar el por alí e estar eu cursando alí os primeiros cursos de bacharelato.

Pois ben, o que aquí presento ós lectores non é máis que un primeiro acercamento ó tema, que outros interesados poderán ampliar, completar ou corrixir pola súa conta. En calquera caso, coído que a súa categoría científica (nos eidos da física e da química) non debería permanecer por máis tempo na ignorancia ou no esquecemento.

Arturo Rivas Castro, o maior de cinco irmáns, naceu o 17 de maio de 1898 en Sabucedo, sendo daquela párroco de Sabucedo Casimiro Lois, que o bautizou no día seguinte. Pais del eran José Rivas Solla e Rosa Castro Garrido. José Rivas, o seu pai, foi mestre de Instrucción Primaria durante moitos anos en Cualedro (na provincia de Ourense). Nun folio escrito a man polos dous lados e asinado por el en Carrión de los Condes (Palencia) no mes de setembro de 1915 deixaranos algunhas informacións sobre a época anterior ó seu ingreso na Compañía de Xesús e ó tempo sobre as circunstancias relativas ó seu ingreso nesta orde relixiosa, ás que agora me vou referir. Foi en Sabucedo onde cursou durante cinco anos os estudos primarios ata cumprir os trece anos de idade. No ano 1911 trasládase ó Seminario de Carrión de los Condes, sendo alumno externo durante catro anos. Dedicase aquí ó estudo de diversas disciplinas: Gramática latina e grega, Historia de España, Historia

Universal, Matemáticas, Xeografía e Retórica. Nos diversos cursos realizados sobre estas disciplinas acadada sete “Meritissimus” (a máxima cualificación) e tres “Benemeritus” (a seguinte inferior á máxima).

Ingresa logo nesta mesma localidade, o 8 de setembro de 1915, na Casa de Probación da Compañía de Xesús, sendo admitido como novizo xesuíta unha semana despois, o 14 de setembro, e desempeñando por entón o cargo de Rector e ó tempo Mestre de novizos o P. Antonio Arregui. Os tres cursos de estudos eclesiásticos de Filosofía realízaos en Oña (Burgos) entre 1920 e 1923. A continuación, impartirá docencia de Química ata 1925 no Colexio da Compañía de Xesús de Valladolid. Ocorría isto na etapa chamada “maxisterio”, que na Compañía de Xesús se sitúa entre os estudos filosóficos e os teolóxicos. Inicia xa así, cando aínda non rematara a súa formación interna na Orde e tampouco empezara a súa carreira académica especializada, o que será unha das principais actividades ó longo da súa dilatada profesión docente. Seguidamente, realizará os catro cursos de Teoloxía na Universidade Pontificia de Comillas (Santander), sendo ordenado sacerdote en 1928.

A. Rivas debía de posuír entón un bo acervo de coñecementos de Física e Química e tamén unha manifesta vocación científica para que, sendo xa sacerdote e entrado xa na trintena da súa vida, os seus Superiores decidisen destinalo á especialización científica. En realidade, cando, co gallo das preceptivas informacións manuscritas, se atopaba no intre de dar o paso a ser admitido na Compañía de Xesús, non deixara de anotar entre elas estas liñas, suficientemente indicadoras da súa capacidade intelectual e da súa particular propensión ó estudo:



Pais e irmáns de A. Rivas. De esquerda a dereita: José (pai), Luís, María, Rosa (nai), Apolinar e Arturo; (Felipe aínda non nacera).



Portada de un dos libros de A. Rivas.

Teño fácil memoria para aprender e tenaz para reter. Paréceme que estou dotado de boa intelixencia para comprender o que estudo. Teño propensión natural e voluntaria ós estudos.

Inicialmente, encamiñase a Madrid (Apartado 8.066), onde no curso 1930-1931 aparece no Catálogo oficial da Compañía como dedicado alí a ciencias físicas. Pero el aspiraba a unha formación e especialización máis fonda e completa. Velaquí, pois, por que, e despois deste curso en Madrid, desde o 27 de xuño de 1931 ata o 18 de outono de 1936 (segundo a comunicación que recibín do “Stadtarchiv München”, o “Arquivo da Cidade de Múnic”) reside xa en Múnic, para

dedicarse de cheo durante cinco anos e algúns meses ás súas innovadoras investigacións científicas. Durante a súa permanencia na cidade bávara residiu na xesuítica “Ignatiushaus”, rúa Kaulbachstrasse 31 a.

As investigacións de A. Rivas realizáronse, non na Universidade de Múnic, tal como eu inicialmente sospeitaba, senón na Escola Técnica Superior desta mesma cidade. Polo que se ve, el non estaba interesado directamente na consecución dun título académico, senón que o seu labor estivo claramente dirixido desde un principio á vertente práctica e aplicada das súas investigacións físico-químicas. Por iso as súas investigacións foron realizadas no “Laboratorio físico-químico e electroquímico” da mencionada Escola Técnica Superior de Múnic.

Coido que a documentación que seguidamente ofrezco pon suficientemente de relevo a importancia desta súa actividade investigadora.

En primeiro lugar, presento e traduzo do latín ó galego o texto dunha moi interesante información procedente do Arquivo da Provincia xesuítica de Alemania sobre a actividade científica de A.

Rivas pouco antes de deixar Múnic para continuar aínda por algún tempo as súas investigacións en Roma. A información pertence á interna “Historia da Casa” (dos anos 1935/36) de Múnic na que residía e foime comunicada só hai poucos meses polo encargado do Arquivo. Velaquí as loanzas que alí se escriben sobre o investigador nado en Sabucedo, que soubo superar, tal como ben se di, “non pequenas dificultades” e de diverso xénero:



A. Rivas nos seus anos mozos.

“O primeiro que hai que conmemorar son os estudos do español P. Rivas, pola súa novidade e celebridade. Pois, mentres realizaba experimentos para a obtención do diploma na Academia Técnica, descubriu un novo método de análise espectral tras superar non pequenas dificultades. Estas dificultades procedían en parte da mesma natureza do tema e en parte foron provocadas polo profesor, moi coñecido polo demais entre os especialistas. Pois os avances do experimento foron máis dunha vez entorpecidos, ata chegarse ó extremo de que o profesor lle encomendaba ó P. R. [Rivas] unha nova cuestión sen que o P. R. [Rivas] a recusase. Nembargantes, o P. R. [Rivas], que de ningunha maneira se esquecía do experimento anterior, dedicábase, no tempo libre e con suma constancia e agudeza intelectual, ó método da análise espectral cuantitativa. Que ocorreu? Non hai que admirarse de que, despois de tanto e tan ben encamiñado esforzo, o profesor exclamase: ‘Agora, por fin, foi descuberto o método da análise espectral cuantitativa!’. E non hai que admirarse tampouco de que o profesor ordenase que con toda rapidez se imprimise este brillante traballo para presentalo ó congreso dos químicos de Alemaña, que por entón estaban reunidos en Múnic. O profesor, non sen envexa, viuse obrigado a conceder que todo o traballo fora realizado polo P. Rivas. Pois, unha vez descuberto este novo método de análise espectral cuantitativa, quedaron superados cantos métodos ó respecto foran utilizados ata entón en todo o mundo por persoas moi sabias e moi coñecidas. O P. Rivas dirixirase agora ó Observatorio Vaticano para concluír e completar este método de análise espectral. Que o favor e a graza de Deus o sigan a acompañar para levar todo isto a excelente termo!” (Arch. Prov. Germ. S.J.: Abt. 45 B 291, Nr. 1472, I, p. 18).

O “profesor” ó que neste texto se alude sen nomealo é sen dúbida o Prof. Günter Scheibe (1893-1980), so cinco anos maior que

Arturo Rivas, aínda que morrería algúns anos aínda despois do xesuíta. Del dependía oficial e academicamente este nas súas investigacións. Pero, como a veces ocorre, se ve que o seu discípulo ou colaborador se lle adiantou non só a el senón tamén a outros grandes investigadores de todo o mundo na descuberta dun método de análise espectral cuantitativa que convertería en obsoletos os anteriores. De todos modos, e a pesar de que o verdadeiro autor do descubrimento non era outro —tal como o propio G. Scheibe se veu forzado a recoñecer— senón o estradense de Sabucedo, na publicación, en xullo de 1936, da investigación na ben prestixiada revista alemana “Zeitschrift für angewandte Chemie” (“Revista de Química aplicada”) figurarían como autores da mesma en primeiro lugar Scheibe e, en segundo lugar, A. Rivas.

Que o descubrimento realizado polo estradense foi de gran transcendencia científica e técnica móstrao non só o aducido documento do Arquivo alemán, senón tamén outro procedente do Arquivo da Provincia xesuítica de León. En efecto, baixo o epígrafe de “Summarium vitae defunctorum” (*Sumario da vida dos defuntos*), atópase, redactada anonimamente trala morte de Arturo Rivas, a seguinte nota, que aquí reproduzo integramente no seu orixinal castelán e que servirá sen dúbida para ampliar e completar anteriores informacións. Trátase dun excelente resumo biográfico, ata agora inédito, da persoa e actividade científica de Arturo Rivas:

“El P. Rivas dedicó toda su vida activa a la enseñanza y a cargos de administración, para lo que tenía aptitud, tesón y habilidad. En cambio apenas si ejerció ministerios estrictamente sacerdotales.

Terminados los estudios eclesiásticos, después de un curso en Madrid haciendo estudios de Física, marchó a Munich, en cuya escuela de ingeniería estudió durante 5 años Física aplicada, de los que los tres últimos los dedicó especialmente a trabajos de laboratorio con el conocido especialista profesor Scheibe. Fruto de este trabajo fue un nuevo método de análisis espectral cuantitativo. Este método se publicó por primera vez en la revista alemana ‘Angewandte Chemie’, el 11 de julio de 1936, bajo el título ‘Eine neue Methode der quantitativen Emissionsspektralanalyse, verwendbar auch als Mikromethode, von Prof. Dr. G. Scheibe und A. Rivas’.

De Munich pasó a Roma, donde durante un año continuó sus trabajos de investigación en el ‘Laboratorio Astrofisico della Specola Vaticana’, de lo que publica una nueva información en la ‘Angewandte Chemie’ de 4 de diciembre 1937.

Estos trabajos tuvieron una gran acogida y fueron citados en varios libros y publicaciones, y utilizados satisfactoriamente en fábricas y laboratorios de investigación, sobre todo en Alemania.

También en España se interesaron algunas entidades importantes industriales y sobre todo en medios oficiales. Fue comisionado a Alemania y llegó a hacer un proyecto de creación de un laboratorio de análisis espectral en Asturias, pero no llegó a realizarse por las dificultades económicas posteriores a la guerra civil. Se pensó en destinarle a América, donde le habría de ser más fácil la puesta en marcha de su laboratorio: pero el Gobierno español le retuvo pensando que pronto se presentaría la ocasión de instalarlo en España.

Desistiéndose de estos proyectos por diversas dificultades, fue destinado como profesor de Física al Colegio de Valladolid, del que pasó al de Vigo, más tarde a Comillas y por fin desde el curso 1953-54 hasta su muerte en el Colegio de Gijón. Tanto en su oficio de profesor como de ecónomo se mostró infatigable trabajador y tomó todo con gran interés y tesón. Ya en Vigo editó su primer libro de Física y Química para el bachillerato. Sus libros han resultado modelos desde el punto de vista pedagógico y de precisión y fueron adoptados por muchos Colegios e Instituciones como libros de texto.

Por fin, el curso 1971-72 dejó completamente las clases, aquejado por el mal de Parkinson, dedicando su tiempo exclusivamente a la publicación de nuevos libros y reedición de los ya editados. Desde entonces su salud fue decayendo y dejó de ser el jovial P. Rivas. Una flebitis le obligó a guardar cama y retirarse a la enfermería. Allí se le produjo una hemorragia cerebral, de la que no logró recuperarse, no obstante los esfuerzos realizados en el sanatorio a donde se le trasladó. Vuelto de nuevo al Colegio, entregó por fin plácidamente su espíritu a Dios”.

En relación con esta nota biográfica interna do Arquivo xesuítico español sobre A. Rivas, quero indicar unicamente que o segundo artigo publicado na revista alemana “Angewandte Chemie” (vol. 50, nº 49, pp. 903-918), tralo seu traslado ó mencionado Laboratorio do Observatorio Vaticano en Castelgandolfo (1936-1937), leva loxicamente como autor do mesmo unicamente a A. Rivas (e non xa o de G. Scheibe), tal e como –segundo quedou indicado– debería ter ocorrido xa con anterioridade no primeiro artigo publicado na mesma revista. En calquera caso, posto en contacto co Observatorio Vaticano, indicóuseme que no Diario desta institución figura efectivamente que A. Rivas chegou alí, trala súa longa estancia en Alemaña, o 24 de outubro de 1936 “para hacer experimentos espectrales”. Só seis días antes, o 18 de outubro deste mesmo ano, comunicara oficialmente ás autoridades administrativas da cidade de Múnic a súa baixa como residente na cidade bávara

durante algo máis de cinco anos (desde o 27 de xuño de 1931) para trasladarse a Roma.

Engado seguidamente, como complemento das dúas informacións precedentes, ata agora inéditas, unha terceira, que apareceu publicada no ano 1944 nunha revista escolar como o é “O Noso Lar” do Colexio do Apóstolo Santiago de Vigo. Tendo en conta os limitados destinatarios ou lectores desta revista, pode considerase tamén dalgunha maneira case como inédita. A información procede de Luis Albarrán, colega xesuíta de A. Rivas no devandito Colexio de Vigo, mentres ámbolos dous exercían alí a súa docencia. Pois ben, Albarrán fai referencia, en primeiro lugar, ó segundo artigo de A. Rivas (o do 4 de decembro de 1937) indicando sobre tal escrito: “De la buena acogida que tuvo da fe el hecho de haber sido reproducido en tirada aparte por la *Angewandte Chemie*, órgano oficial de los químicos alemanes”. E engade a continuación:

“El nuevo método Rivas pasa en la actualidad por uno de los mejores y es empleado satisfactoriamente en fábricas y laboratorios. El ingeniero O’Masi de la fábrica de Breda (Milán) lo empleó con éxito en el análisis del manganeso de aceros comunes (véase *La Metallurgia Italiana*, núm. 3, 1938). Otro ingeniero químico Günter Balz de la fábrica Robert Bosch en Stuttgart, comparando los diversos métodos de análisis espectral cuantitativo, da la preferencia al método del P. Rivas. El P. Rivas ha sido invitado por diversas entidades científicas a exponer su nuevo método de Análisis Espectral. Así en 1937 disertaba en Roma y en Venecia, llamado por el Instituto de Química de Roma y por la Sociedad Italiana para el Progreso de las Ciencias, respectivamente. Más tarde se presentaba en Bilbao ante la Asociación de Ingenieros para tratar del mismo tema invitado por el actual Director General de Industria, don Luis Pombo”.

Nesta curta presentación da actividade investigadora de A. Rivas, non é preciso introducirse na fundamentación concreta, dun alto grao de especialización, realizada por el nos artigos sinalados. É abondo aquí con aducir, para unha inicial información do lector e para que se saiba alomenos de que temática se trata, o que o mesmo investigador indica sobre as “aplicacións do electroscopeio á análise química” nun dos seus libros de texto, tendo en conta que as súas investigacións de laboratorio se concentrarían de maneira especial na “análise espectral cuantitativa” (non “cualitativa”). Velaquí,

pois, o que respecto desta temática escribe el como información xeral para os seus alumnos de bacharelato:

- a) El análisis espectral *cualitativo* se funda en el hecho de que un *elemento* convenientemente excitado (p. ej., haciendo saltar una chispa eléctrica entre dos electrodos de dicho elemento o metal) emite siempre *rayas espectrales características*.

Da lo mismo que el elemento en cuestión esté solo o con otros elementos, mezclado con ellos o combinado con ellos: sus rayas espectrales son *siempre las mismas* y ningún otro elemento las puede emitir. Cada raya espectral está caracterizada por su longitud de onda, que suele medirse en unidades de angstrom [...].

- b) El análisis espectral *cuantitativo* se funda en el hecho de que la *intensidad* de las rayas espectrales (su *negrura* en la placa fotográfica) depende del número de átomos excitados y éste de la mayor o menor *concentración* del elemento.

Tratándose de *pequeñas cantidades* o *trazas* de un elemento (microanálisis), el análisis espectral aventaja al químico en *rapidez y exactitud*¹.

Tal como quedou indicado, os proxectos que o goberno español tiña en relación co importante descubrimento científico de Arturo Rivas en Alemaña non puideron facerse realidade, debido sobre todo á situación política e económica pola que atravesaba España naqueles anos. Por certo, sobre este tema, lémbrome aínda agora de que, cando cursaba eu estudos de bacharelato no Colexio xesuítico de Carrión de los Condes entre os últimos anos da década dos corenta e primeiros dos cincuenta do século pasado, tiven ocasión de saudar brevemente no seu despacho ó Rector daquel Colexio, o asturiano Enrique Carvajal, que desempeñara en anos anteriores importantes cargos na Compañía de Xesús. Fora ademais o Provincial da Provincia xesuítica de Castela que o admitira na Compañía de Xesús cando ingresou no Noviciado de Carrión de los Condes. Pois ben, sabedor o Rector do meu parentesco con A. Rivas comentoume pola súa parte que fixera un gran descubrimento en Alemaña, que sen embargo non chegara a prosperar en España; e que por tal razón houbo de dedicarse á docencia en colexios e tamén en boa parte á administración económica dos mesmos como “procurador”. Estas palabras, que para o rapaz que era eu entón eran

1 Rivas, A., *Física. Sexto curso de bachillerato* (León, Everest, 1973), p. 225.

obviamente crípticas, veñen agora a cobrar o seu verdadeiro senso á vista da documentación aducida. Porque hai que ter en conta, ademais, que cando o xesuíta galego faleceu en Xixón non se publicou, salvo erro pola miña parte, ningún apunte biográfico sobre el nas habituais Noticias da Provincia xesuítica á que pertencía.

Só queda agora facer unhas breves indicacións de maneira especial sobre a súa longa actividade docente e publicística, trala súa volta a España, en relación coa temática da súa especialidade.

Desde o ano 1938 atópase unha vez máis no Colexio xesuítico de Valladolid, no que xa estivera algúns anos, tal como indiquei máis arriba, entre 1923 e 1925 (na etapa do seu “maxisterio”), con anterioridade á súa marcha a Alemaña. Alí ten ó seu cargo a docencia de Física e Química para os alumnos dos cursos 4º e 5º. Desde o ano 1941 atópase por primeira vez de maneira relativamente estable na súa terra, impartindo docencia das mesmas disciplinas ós alumnos de 4º curso do Colexio Apóstolo Santiago, que estaban entón na localidade de Mondariz. O xesuíta, dado o seu coñecemento do alemán, aproveita a súa competencia na lingua de Goethe para darlles clase de alemán ós alumnos deste mesmo curso residentes en Mondariz. Despois, en 1942, imparte docencia de Física e Química ós alumnos de 5º curso, do mesmo Colexio Apóstolo Santiago de Vigo, que se encontraban na Pasaxe (A Guarda). No ano seguinte, 1943, seguirá a ensinar Física en 7º curso y Química en 6º curso nesta mesma localidade da Guarda, exercendo ademais como “Procurador” (Ecónomo) desde o 18 de outubro deste ano 1943, data na que fora nomeado para tal cargo. Por fin, no ano 1944 atópase xa na cidade de Vigo, e no mesmo Colexio, onde impartirá ata o final da década dos anos corenta as dúas habituais disciplinas que impartía xa na sección da Guarda.

Pero a súa etapa docente en Galicia non irá máis alá desta década. Efectivamente, desde o curso 1950-1951 ata 1953 atópase xa na Universidade Pontificia de Comillas (Santander), como Ecónomo ou “Procurador” da Universidade e impartindo ó tempo Química ós alumnos de 6º curso do Seminario. Despois destes anos na provincia de Santander trasladarase A. Rivas ó seu destino definitivo. Efectivamente, desde o curso 1953-54 ata o curso 1970-

1971 figurará xa e de maneira estable impartindo docencia de Física e Química no Colexio da Inmaculada de Xixón nos cursos 4º, 5º ou 6º (tamén no Preuniversitario en 1960).

Desde o ano 1972, cando o Parkinson vai deteriorando a súa saúde, o sabio investigador e experimentado docente verase obrigado a deixar a súa longa actividade docente para ocuparse xa unicamente da publicación e edición dos seus moi estimados libros de texto. É na cidade asturiana, e despois dunha vintena de anos de intensa dedicación á docencia (co cargo engadido de Ecónomo tamén durante algúns anos) no mencionado Colexio de Xixón, onde A. Rivas morre o 25 de abril de 1974, cando contaba 75 anos de idade.

Máis alá da súa competencia científica, como era en realidade A. Rivas? Permítome transcribir aquí ó respecto una pequena nota manuscrita do gran historiador dos Colexios xesuíticos de Galicia, Evaristo Rivera Vázquez, que se atopa no Arquivo Histórico da Compañía de Xesús en Galicia por el fundado. Dinos alí o historiador galego, antigo alumno de A. Rivas no Colexio da cidade olívica:

“Explicaba las clases con lucidez y profundidad. En medio de las grandes carencias de la época logró imprimir en un taller de Porriño unos apuntes escolares en un papel negruzco pero de rico contenido. Más adelante sacaría un texto ya en condiciones, que fue muy solicitado y apreciado.

En el Colegio sintonizó admirablemente con el P. Pablo Pardo, que en seguida sería nombrado Rector: dos gallegos menudos de estatura, grandes en talento científico, con fino sentido del humor... Dieron inusitada altura científica al Colegio, junto con el P. Manuel Samaniego.

Pero el P. Rivas no era sólo un teórico, sino que le gustaba también imbuirse en la vida práctica. El Rector le nombró por eso Administrador del Colegio, aunque entonces había poco que administrar.

En el curso 1949-50, cuando el P. Pardo era ya Rector en Comillas, logró llevarse para allá el P. Rivas, con el fin de que le custodiase las arcas pontificias.

Rivas era un típico producto de esta tierra, nacido cerca de La Estrada en 1898”².

2 Sabendo da “miudeza” de estatura de Rivas (da que aquí fala E. Rivera), pero tamén da súa gran capacidade intelectual, entenderase por que unha carta que lle escribe desde Valkenburg (Holanda) o 4 de novembro de 1933 o seu amigo, e tamén xesuíta, Fernando Huidobro (1903-1937) comece deste xeito: “¡Gran pequeño!”. F. Huidobro morrería poucos anos despois desta carta, o 11 de abril de 1937, como capelán da 4ª Bandeira da Lexión na chamada “Costa das Perdices” (preto de Madrid).



A. Rivas coa súa sobriña Lourdes (no medio) e maila dona de seu irmán Felipe.

Se neste texto Rivera fala da “lucidez y profundidad” das clases impartidas por A. Rivas, algo sobre o seu modo de transmitir ós alumnos os coñecementos científicos pode deducirse das seguintes palabras, que o seu alumno de 7º curso Alejandro Molíns escribe no ano 1944 na revista “O Noso Lar”:

“Las fáciles o difíciles unidades de Física les son explicadas gráfica y minuciosamente por el P. Rivas, capaz de trasladar a sus discípulos desde la clase a una mesa de billar para explicar la fuerza centrípeta”³.

E verbo do que no mesmo texto indica Rivera sobre os apuntes e libros escolares de A. Rivas, hai efectivamente unha referencia nas Noticias da Provincia de abril de 1942, na que se di: “El P. Rivas está ultimando el texto de Química, y que como adelanto para sus discípulos se lo facilita en forma de cuadernillos”. O que ocurría por entón tamén coa súa docencia da Física. Así, na revista “O Noso Lar” aparece esta referencia: “Física (Apuntes privados). Imprenta Paz, Porriño, 1941”⁴. Algúns anos despois, aparece no número de agosto de 1945 da mesma revista este outro anuncio, agora en relación co texto de Física: “El mejor texto de Física para 5º curso ha sido compuesto por el P. Arturo Rivas, profesor de este colegio. Los pedidos desde el 10 de septiembre a nombre del P. Rivas, Apartado 66 – Vigo”. E xa un mes despois deste anuncio, o xoves, 13 de setembro de 1945, do “Diario 1942-51” do Colexio de Vigo (que se conserva no mencionado “Arquivo Histórico da Compañía de Xesús en Galicia”) dáse esta breve nova sobre a publicación de ámbolos dous textos. “Se pone en la Biblioteca el texto de Física y Química que ha publicado el P. Rivas para 5º año, impreso en Rial de Vigo”.

Tal e como aparece en diversos testemuños e notas, A. Rivas foi un incansable traballador no eido da súa especialidade, quedándolle

3 “O Noso Lar”, nº 82, febreiro 1944.

4 “O Noso Lar”, nº 79, Extraordinario de decembro de 1943.

aínda tempo para os seus cargos administrativos. Unha persoa activa, responsable, e ó tempo alegre, posuíndo tamén, como bo galego, fina capacidade para o humor. El mesmo escribía sobre si, cando tiña 17 anos, nos informes (en latín) previos á súa entrada como novizo na Compañía en Carrión de los Condes: “Complexio, ut judico, est mihi sanguineo-nervosa”. Entendíase, pois, a si mesmo como de temperamento “sanguíneo-nervioso”. Unha característica que non deixarían de notar, entre outros, os seus alumnos, como aquel que lle escribe a Evaristo Rivera no ano 1997, facendo referencia ó último curso de docencia de A. Rivas no Colexio de Vigo: “ese año la asignatura era la Física, que nos daba el activo P. Rivas, que también era Administrador del Colegio”. Nas *Memorias de un jesuita gallego* do P. Brandariz fálase así mesmo sobre A. Rivas como de “hábil y activo”, “dinámico y habilísimo jesuita gallego”⁵.

Fago, finalmente, mención dos seus libros de texto segundo as edicións das que puiden ter noticia ben sexa na Biblioteca do Colexio “Apóstolo Santiago” de Vigo ou por outros medios:

Física. Quinto Curso de Bachillerato (Gijón, 1955). 287 páxinas. 15 x 21 cm. En contraportada a seguinte indicación: “Pedidos a esta dirección: Colegio de PP. Jesuitas ‘Simancas’. Gijón”.

Física. Sexto Curso de Bachillerato. Texto aprobado por O. M. del 17-7-65 (B. O. del M. E. N. del 19-7-65). León, Editorial Everest, 1973. 15 x 21 cm.

Física, 4. Clave (León, Everest).

Física, 6. Clave (León, Everest).

Física y Química, 3 (León, Everest, 1972).

Física y Química. Cuarto Curso del Bachillerato Elemental. Plan 1957 (Zaragoza, Editorial Hechos y Dichos, 1961). 296 páxinas. 15 x 21 cm.

Física y Química. Cuarto Curso. Texto autorizado por O. M. del 16-6-70 (B. O. del M. E. y C. 29-6-70). Primeira edición (León, Editorial Everest, 1970). 253 páxinas. 15 x 21 cm.

Evaluación por test. Física y Química. Cuarto Curso. Hojas del alumno (León, Editorial Everest, 1971).

Evaluación por test. Física y Química. Cuarto Curso. Libro del profesor (León, Everest, 1971).

Física. Sexto Curso de Bachillerato (León, Everest, 1975). Novena edición.

5 Cf. F. Brandariz Caamaño, *Memorias de un jesuita gallego* (Compañía de Jesús-Provincia de Castilla, 2001), 51.

- Física y Química. Primer Curso del Grado de Aprendizaje Industrial. Formación Profesional Industrial.* Segunda edición, 1ª reedición (León, Editorial Everest, 1970). 224 páxinas. 15 x 21 cm.
- Física y Química. Formación Profesional Industrial. Segundo curso del Grado de Aprendizaje Industrial* (León, Editorial Everest, 1971). Segunda edición. 383 páxinas. 15 x 21 cm.
- Materia y energía 7. Texto de E. G. B.* (León, Editorial Everest, 1973). Como autores, xunto con A. Rivas como autor primeiro, aparece nesta obra en segundo lugar José María Artero.



Sobrevivir ao desamparo e a morte. Entrevista a Constantino Fernández Prado

Olalla Barreiro Molano (entrevista)

olallabm@gmail.com

Alba Fernández Sanmartín (transcripción)

alba.fernandez@usc.es

Rui Farías (introducción)

ruygonzalofarias@yahoo.com.ar

Resumo. Entre os anos 2008 e 2010 lévase a cabo o proxecto do Museo Manuel Reimóndez Portela denominado "A memoria viva da Estrada", no que se rexistraron en soporte audiovisual unha serie de entrevistas a persoas sobranceiras desta comarca. Entre elas encontrábase a efectuada a Constantino Fernández Prado, fillo de Ramón Fernández Rico, fusilado pola barbarie franquista en xuño de 1937, que reproducimos a continuación. Para un mellor coñecemento das circunstancias daquel trágico suceso remitímonos ao traballo de Ruy Farías publicado no nº 10 desta revista, páxinas 163-185.

Abstract. The Manuel Reimóndez Museum project called *A memoria viva da Estrada* (A Estrada Alive Memory) was developed between 2008 and 2010. A series of interviews to distinguished people from this region was recorded in audiovisual format and, among them, the interview to Constantino Fernández Prado which will be reproduced below. A man, son of Ramón Fernández Rico, who was shot during the Franco barbarity in June 1937. To know more about this tragic event, see issue number 10, pages 163-185, Ruy Farías article.

Introducción

El rápido y contundente triunfo de la sublevación de julio de 1936 determinó que en Galicia no hubiera propiamente guerra civil, ni grandes batallas o frentes, y que el país se convirtiese rápidamente en una auténtica ratonera. En él, la gran extensión de los movimientos sociales de izquierda, del republicanismo y del galleguismo, hizo que una parte importante de la población se convirtiese en el blanco preferente de una represión que, en conjunto, fue una de las más atroces de la retaguardia franquista¹.

En A Estrada, el 21 de julio la Guardia Civil destituye al gobierno municipal y toma el poder. A partir del día siguiente comienzan

1 Vid. Núñez Seixas, Xosé Manoel, "Itinerarios do desterro: sobre a especificidade do exilio galego de 1936", en X. M. Núñez Seixas y P. Cagiao Vila (encargados de edición), *O Exilio galego de 1936: política, sociedade, itinerarios*, Sada, Edicións do Castro, 2006, pp. 11-2.

las detenciones sistemáticas de dirigentes sindicales y políticos, escritores, maestros, periodistas y todos aquellos que profesasen ideas liberales. Por entonces, Ramón Fernández Rico ocupaba el cargo de 1.º Teniente de Alcalde en dicho *concello*. Era padre de nueve hijos (su mujer esperaba otro más) y gozaba de un buen pasar económico, sustentado en la posesión en sociedad de una importante fábrica de muebles. Una vez detenido fue enviado a la prisión de Pontevedra, siendo posteriormente trasladado a la penitenciaría de la isla de San Simón. Se le abrió un proceso judicial en el que se le formularían múltiples cargos, tales como el de ser comunista, uno de los instigadores del “alzamiento revolucionario” (lo que automáticamente derivaba en la aplicación perversa del artículo 237 del Código de Justicia Militar –*rebelión militar*–), así como también de “enemigo de la Iglesia”. Tras permanecer recluido más de nueve meses, fue fusilado el 5 de junio de 1937 en un cruce de caminos de la localidad de Monte Porreiro (*concello* de Pontevedra). Aunque se desconoce la localización exacta de sus restos, se cree que es uno de los tres sin identificación que ocupan las fosas numeradas entre el 45 al 47 del cementerio municipal de aquella ciudad.

Si bien el suyo no constituyó un caso de defensa a ultranza de la República (se esforzó en evitar que las medidas tomadas para defender la legalidad republicana derivasen en desmanes dentro de la villa y, cuando la desproporción de medios hizo evidente la inutilidad de toda resistencia, se pronunció a favor de entregar pacíficamente las armas a los sediciosos), es probable que el hecho de tratarse de una personalidad altamente visible en el contexto local, lo hiciera susceptible de encarnar mejor el castigo ejemplar que el régimen buscaba dar a la sociedad gallega. En cualquier caso, en las motivaciones de su prisión y condena a muerte parecen combinarse su adscripción política republicana y las rivalidades personales.

Como ya afirmamos en otra ocasión², en sus características esenciales la historia de Fernández Rico y su familia no supone un caso excepcional, sino que se ajusta a la represión selectiva, arbitraria e

2 Fariás, Ruy, “Sucumbir a merced de la calumnia y la infamia: represión, pauperización y muerte entre la Guerra Civil española y la década de 1940”, en A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural, A Estrada, vol. 10, 2007, pp. 163-85.

indiscriminada que el régimen franquista desató inmediatamente después del golpe de Estado. El caso destaca, sin embargo, por el número inusualmente alto de miembros de una misma familia directa e indirectamente envueltos en la tragedia. Una vez preso Fernández Rico (y habiendo huido su socio al extranjero) el taller de mueblería cerró y, de un día al otro, su mujer e hijos quedaron sin fuentes de ingresos. Era apenas el comienzo del drama. Tras el fusilamiento, Purificación Prado Rey no pudo superar la muerte de su marido (muy pronto seguida de la del mayor de los hijos varones a causa del tifus) y, tras derrumbarse física y anímicamente, falleció tuberculosa en febrero de 1940. Tenía apenas cuarenta y ocho años. Poco después, como consecuencia de las mismas causas de mala alimentación, carencias y tuberculosis, morirían otros cinco hijos del matrimonio.

El conocimiento de estos trágicos sucesos (en parte registrados en un acervo documental privado excepcional), se ve facilitado por la posibilidad de construir fuentes orales a partir de las entrevistas realizadas a los hijos supervivientes. Ellas no sólo han permitido complementar y contrastar la información suministrada por las fuentes escritas públicas y privadas: más importante todavía es la posibilidad de acceder a las experiencias y percepciones de los protagonistas. No existen dudas respecto del carácter privilegiado de este tipo de fuentes para la reconstrucción de experiencias como la represión, la migración o el exilio, tan presentes en la historia contemporánea de Galicia, puesto que no sólo contribuyen a revelar las características de esos procesos sino también lo que la gente sintió habiéndolos vivido. Desde luego, es evidente que, debido a su naturaleza, se encuentran profundamente influidas por discursos y prácticas del presente, pertenecen a la esfera de la subjetividad, y quizás nos hablan menos de los “acontecimientos” que de su “significado” para los protagonistas o testigos. Sin embargo, no lo es menos que la historia debe recuperar tanto los hechos del pasado como su representación, pues separar las experiencias de los protagonistas de los significados que tuvieron para ellos es la negación de una parte de la realidad histórica misma³.

3 Vid. Schwarzstein, Dora, *Entre Franco y Perón. Memoria e identidad del exilio republicano español en Argentina*, Barcelona y Buenos Aires, Crítica, 2001, pp. XVII-XXI.

En relación con lo anterior, la entrevista a Constantino Fernández Prado tiene todos los *pro* y los *contra* de las fuentes orales. Respecto de las segundas, por ejemplo, habrá quienes objeten las contradicciones que, comparando los testimonios de sus hermanos, presenta en relación a algunos hechos y personajes. Sea. En cualquier caso, más allá de la mayor o menor exactitud de los datos, su testimonio tiene la virtud de reflejar acabadamente algunos de los ítems que la sociedad española aún no ha conseguido resolver. Nos referimos particularmente al miedo paralizante que la política represiva de los vencedores generó, o al sentimiento velado de culpa entre quienes (quizás por ese temor) no estuvieron a la altura de las circunstancias. Pero, sobre todo, quisiéramos mencionar el que fue uno de los principales fines de la política de venganza represiva desatada en Galicia por el franquismo: la desmovilización y desarticulación de la sociedad civil, que invirtió la tendencia de la misma hacia una cada vez mayor agencia y politización. Algo de ello se revela en el tono de resignación del entrevistado, en el no ajustar cuentas con el pasado por no ofender a los descendientes de los represores o acusadores, cuando lo deseable sería que el honor de las personas se subordinase a la verdad histórica. Quizás se ha hecho carne la convicción profunda de que no hay reparación posible o, ni tan siquiera, el derecho a la misma.

Entrevista a Constantino Fernández Prado

OLALLA BARREIRO. PREGUNTA. *Seu pai chamábase Ramón Fernández Rico e era socio dunha fábrica de mobles na Estrada a principios dos anos trinta. ¿Cómo recorda a infancia na Estrada?*

CONSTANTINO FERNÁNDEZ. Bueno, eu recórdoa ben, viviamos ben ata que pasou o que pasou. Despois dese momento todo foi dificultades, morreron os irmáns máis vellos, que nós estabamos ao coidado da nosa irmá máis vella, que lle chamaban Pura, e mentres ela viviu, estivemos agarimados alí xuntos, pero ao que ela morreu, quedamos os pequenos todos. E entón foi cando nos distribuíron, cada un á casa de seu tío, uns por parte de miña nai e outros por parte de meu pai. Alí estiven. Non me faltou de

comer, traballo tampouco, pero faltábame o cariño, que era o cariño dos pais.

En fin, despois tiven que andar a traballar cun carpinteiro que andaba polas aldeas, chamábanlle “da esporta ao lombo” e ganaban un real. Eu xa tiña dezasete ou dezaioito anos, e despois, a partir dos vinte anos, no ano cincuenta, vin traballar á Estrada, á casa que levaba meu tío Joaquín, que era irmán de meu pai. Levaba a de Campuzano, e alí botei uns anos, ata que me casei. Despois foi cando emprendín a miña vida; en fin, a suerte acompañoume e cheguei sendo socio da empresa de Campuzano, ata que me jubilei. Estudiei as fillas, con moito sacrificio e moito traballo. Ata a fecha.

OB. *Seu pai foi un dos primeiros da industria do moble da Estrada.*

CF. Si, foi o primeiro, foi un dos primeiros que puxo a fábrica de Cangas e antes de poñela aquí na Estrada xa estaba en Riobó, onda a fábrica de papel, e entonces foi cando se asociou con Campuzano e puxeron a fábrica aquí na Estrada.

OB. *¿Onde estaba a fábrica de Campuzano?*

CF. Estaba na calle da Ulla, onde está hoxe Decoraciones París. E despois deso, cando meu tío o deixou collérona catro obreros de Campuzano e mais do meu tío, e despois, cando eses obreros a deixaron, foi cando a collemos nós. Tamén eramos obreros e levantamos a fábrica.

OB. *E cando estaba seu pai ¿era unha fábrica grande?*

CF. Si, tiña xente empleada e xa traballaban fuerte. Mandaban camas para León, Ponferrada e por aí. Eran camas torneadas, distintas a como son hoxe.

OB. *¿Cómo era seu pai?*

CF. Eu conócino pouco, porque claro, cando o fusilaron eu tiña seis anos; a el fusilárono o cinco de junio e eu cumpría os sete o trinta de agosto. Era cariñoso. Eu acórdome que me collía, posto de pé nos seus zapatos e eu agarrado ás súas pernas e levábame pola acera da calle. Acórdome pouco pero era unha persona boa, como toda a familia, porque tamén meus tíos Joaquín e Francisco eran moi boas personas, moi boas personas.

OB. *Seu pai foi primeiro teniente de alcalde e no ano 1936 substituíu ao alcalde, mentres este fora a Madrid para levar o Estatuto. ¿Cómo era seu pai como político?*

CF. Eu tiña seis anos e deso non podo explicar moito. Pero meu irmán Pepe, o que fai as declaracións que se publicaron na revista do museo, pois ese si que sabía, porque xa tiña catorce ou quince anos. Eu podo dicir de meus tíos Francisco e Joaquín porque os conocín ata hai pouco tempo, pero a meu pai conocino pouco.

OB. *Pero seus irmáns ¿non lle contaron como era el?*

CF. Claro, quen me dicían as cousas eran meus irmáns, pero tivemos a desgracia de que Pura, que era a máis vella, pois morreu no ano cuarenta. Eu daquela xa tiña dez anos e comprendía as cousas que eles me dicían. E despois tiñamos a meu tío Joaquín, que era quen coñecía máis a meu pai, pero era un home moi reservado e non nos dicía as cousas. Tiña aquela cousa de que non lle gustaba falar do irmao. Nunca nos daba conversación. Comigo, ultimamente, aínda falaba algo, pero cos outros irmáns nunca falou, nunca falou do tema. Estaba reservado.

OB. *Vostede ¿Cómo recorda aquel cinco de xuño do ano 1937?*

CF. Polo que me contaron meus irmáns eu sei que miña nai marchou con un rapaz pequeno que lle chamaban Manolo, ou Manuel, que meu pai non o coñecía, que aínda nacera había pouco tempo. E miña nai chegou ao Lazareto para ensinarlle o seu fillo, pero chegou alí e xa estaba fusilado, e non podo coñecer o rapaz.

OB. *Seu pai entregouse pensando que non tería ningún problema.*

CF. Si, eso si que o sei, porque meu pai daquela xa se separara de Campuzano e estaba con outro socio que se chamaba Manolo Gestoso, que é onde está hoxe Garrido; aí tiñan o taller. E entónces Manolo Gestoso, que tamén estaba complicado, díxolle a meu pai: “¿Ramón vámonos!”, e tiñan preparado para ir embarcar a Coruña. E meu pai dixo “eu non abandono aos fillos”, e meu pai quedouse, e Manolo Gestoso marchou ao outro día para Venezuela, e a meu pai xa o detiveron aí diante do axuntamento.

OB. *¿Seu pai escondeuse ao principio?*

CF. Estivo retenido na casa os primeiros días, pero despois non. Nunca andivo escapado, nunca foi para o monte nin a sitio nin-

gún. El dicía que nunca lle fixera dano a ninguén e non tiña por que agacharse.

OB. *¿Cal foi a situación da súa familia cando a el o levaron para o Lazareto?*

CF. Pois miña nai, aos dous meses de fusilalo a el, pois xa morreu. E despois morreu un irmán, o que lle chamaban Ramón, que tiña dezanove anos e Pilar, que tiña dezaioito. Quedou Pura, que tiña vinteún. Entonces, mentres esa irmá viveu, pois estivemos alí, xuntos, ao amparo de Joaquín, de meu tío, que era o que nos acollía a todos. Pero ao que morreu Pura pensaron que facer con nós. O primeiro que pensaron era mandarnos para aquilo que lle chamaban o hospicio, pero despois os tíos dixeron “é unha vergonza mandalos”. E entón foi cando trataron de repartirnos. E a min tocoume ir para Ribeira e alí estiven cos meus tíos entre o 1940 e o 1955. Pepe quedou con Joaquín, Divina foi para A Pena de Riobó, e outro irmán que está en Brasil, Lino, foi tamén para Riobó, para a casa de un que lle chamaban Quinteiro, que era veterinario. E despois tiñamos outra irmá, Carmela, que foi para os Besteiros para a casa de Pepe de Prado. Pero esta rapaza tivo mala sorte, porque os tíos tiveran unha filla e morréralle e por iso estaban moi ilusionados con ela, pero cando tiña catorce ou quince anos, pois morreu tamén. E quedamos os catro.

OB. *Coa xente da Estrada ¿tivestes algún problema?*

CF. Nunca tivemos problemas con ninguén. Ao contrario, nada, nada, nunca tivemos problemas. A min a xente de dereitas sempre me mirou ben. Mira que Suso Durán era de dereitas e sempre comigo se portou ben. Suso estivo no exército alí en Campolongo e levábase moi ben comigo, e despois aquí na Estrada, tamén. O meu irmán máis vello era o que tiña máis rencor porque conecía a xente que acusara a meu pai, e eu sei quen acusaron a meu pai e en fin, hoxe encóntrome cos seus fillos e salúdame e non pasa nada. Bueno, e despois meus irmáns foron marchando todos e eu quedeime solo aquí. Armando marchou para Argentina, o máis vello para Brasil, despois pasouse para Montevideo, e o máis novo en Brasil tamén. E xa levan alá dende o ano cincuenta, marcharon todos no 1950-51.

OB. *Contan seus irmáns na entrevista publicada na Máiscelánea do Museo, que algúns coñecidos e familiares, cando seu pai estaba preso, non se achegaban a súa nai, ou á familia...*

CF. Si, si, esa era a queixa que tiña meu pai, de que os irmáns non o iban visitar, pero claro, era o medo que tiñan, porque daquela todos tiñan medo, si, si.

OB. *¿Seus tíos estaban metidos en política?*

CF. Non, non, nunca estiveron metidos en política.

OB. *O único foi seu pai.*

CF. Tanto Francisco como Joaquín nunca estiveron na política, e outro irmán que tiñan marchara para Argentina co pasaporte de meu pai, porque estaba incluído en quintas e non podía marchar e meu pai facilitoulle que marchara co pasaporte del; trampas que se facían daquela. E o outro, Francisco, co que me criei eu, marchou para Cuba co pasaporte de meu pai. Era o que se comentaba daquela, estaban incluídos en quintas e entónces facían esas chapuzas. Esas eran as cousas que eu oía falar, que lle sentía a meus irmáns e máis a Joaquín, que era o que mo contaba. Joaquín esas cousas contábamos; despois, tocando o tema de meu pai, nunca lle gustou falar, non. Estaba molesto, tiña unha impresión que non lle gustaba falar do tema.

OB. *¿Escoitou algunha vez por que seu pai estaba na política?*

CF. Meu pai levábase moi ben cun señor que había en Riobó que lle chamaban Gonzalo Otero, que era dunha familia poderosa daqueles tempos, e era padriño da miña irmá máis vella. E despois encontráranse por culpa da política, porque o Otero era de dereitas, e meu pai era de izquierdas, e aí houbo un encontronazo cando foron as eleccións. Eso foi unha cousa que soupen máis tarde. Tamén parece que ese Gonzalo Otero influiu bastante na acusación de meu pai. En fin, eu creo que non intervineu, quen interviniron máis foron outros señores de aquí da Estrada, e que non me gusta mencionar; eu seiño quen son, pero non me gusta mencionalos, porque, en fin, hoxe viven os fillos, que non teñen culpa ningunha.

OB. *Economicamente, ¿Cómo lle afectou á súa familia?*

CF. Economicamente quedamos co día e coa noite. Todos. Empezamos de cero. Eu empecei de cero, eu non tiña nada. Eu non tiña

nada nin tiña para onde ir. Non sendo a casa de meu tío non tiña onde ir.

OB. *¿Onde traballaron vostedes?*

CF. O irmán máis novo, que estaba na de Quinteiro, en Riobó, veu para aquí e traballou na de Campuzano, e eu tamén. E miña irmá estivo na Pena, en Riobó, e polas penalidades que alí había, tamén Joaquín botou man por ela e tróuxoa para aquí, e traballaba porque tiña taberna e despachando e facendo de camarera. E despois marchou para Argentina. Pepe montou un talleriño en Silleda; non lle marchou moi ben e despois de Silleda marchou para Brasil. E o pequeno tamén marchou para Brasil. E o único que quedei fun eu, porque estaba en Ribeira, na casa de meu tío, e despois caseime, e formamos familia e quedámonos, quedámonos aquí e tivemos suerte.

OB. *A pesar de separarse cando faleceu súa nai, ¿seguiron mantendo contacto?*

CF. Bueno, si, eu con Pepe si, porque viña á Estrada e con Pepe encontrábame varias veces. Pero con miña irmá Divina botamos meses sen vernos. E acórdome que polo san Lázaro de Trasmonte, que é o domingo de pascua, pois miña irmá veu aí ao san Lázaro, e estaba na entrada da festa, a ver se me vía, a ver se me conecía; e eu cando a encontrei non a conecía, non nos conociamos porque pasara xa moito tempo que non nos viamos. E despois daquela si, empezamos a relacionarnos máis, porque xa íbamos sendo maiorciños; en fin, a partir daquela si, pero ao principio non.

OB. *Nunha das cartas publicadas, seu pai dille a súa nai que os seus fillos non se metan nunca en política. ¿Algún dos irmáns se vinculou coa política?*

CF. Non, ningún se meteu en política non sendo eu agora, cando foi esto das eleccións aquí na Estrada, por mediación de José Antonio, que é hoxe o alcalde, porque somos moi amigos, porque el e maila muller son padriños da miña neta. Entonces pideume por ir eu na política, porque eu non quería ir, pero díxome “eu quero levar o apelido de teu pai”. Entonces as fillas pedíronme “padre, non lle podes dicir que non”, e eu entón contesteille a José Antonio Dono “ponme na lista, pero nun puesto moi abai-

xo”. Eu fun por ese compromiso con José Antonio, pola amizade que temos, que non é amizade da política senón amizade da familia, levámonos mellor que moitos familiares.

OB. *¿Seus irmáns emigraron por motivos políticos ou económicos?*

CF. Marcharon por motivos económicos, porque non había, non tiñan medios, e entonces trataron de marchar. Eu tiven a suerte de casar coa muller que me casei, que era de alí de Paradela e, en fin, formamos unha vida e empezamos a traballar, e ela traballaba de modista e eu de carpinteiro, e fomos tirando e chegamos ao que chegamos.

OB. *Entonces, ¿ningún marchou por dicir “eu non quero estar máis aquí despois de todo o que pasou?”*

CF. O máis vello, si. Molestáballe encontrar con moita xente da Estrada. Eu non, eu encóntrome con cantidade. Hai algúns que me miran, que me miran con recelos, que me miran con recelos aínda hoxe. Pero eu non fago caso, arreglo a miña vida. Cando me encontran nótanse molestos. Eu teño estado nunha barbería que había que lle chamaban de Alfonso Almón e cando chegaba eu estaba un señor de aquí sentado e levantábase e marchaba. E dicíame Alfonso: “¿e ti que lle fixeches a ese señor?” “Eu non lle fixen nada, quen faría o mal sería el, pero eu non, non lle fixen mal. Se marcha, que se vaia”. E doutra ocasión acórdome que estabamos vendo o primeiro partido de baloncesto que se celebrou entre Rusia e España, e estabamos véndoo na de Braulio, e eu cheguei de traballar e fun ver o partido, e estaba alí ese señor, e tan pronto eu cheguei, levantouse e marchou. E Braulio díxome a : *¿Que lle fixeches?* “Eu non lle fixen nada, nin falei con el siquera?”

OB. *¿Vostede fixo o servicio militar?*

CF. Cando foi o sorteo, a min, a miña letra tocaba para África, entonces meu tío Joaquín mandou a un tal Barros, nós chamábase Mariano, cuñado de Antonino, que era catedrático el e levaba a contabilidade no taller de Campuzano, onde estaba Joaquín de jefe, entonces mandouno a Pontevedra para ver o que podían facer. E resulta que cando cheguei alí, pola numeración alta, pois non fun para África. O comandante San Blas coñecía a

Mariano, porque Mariano na mili foi alférez, e un día díxolle cando veu o meu nome: “Hombre, yo tenía un amigo en La Estrada que era Fernández Rico”. E entonces Mariano díxolle: “Pois eche o fillo”, e dice o comandante: “Pues de este muchacho me encargo yo. Le dices que se presente a mí”. E era o catorce de abril. “Que se presente a mí para ir para Figueirido, para Pontevedra”. E así foi. Fun xunto a el e moi ben. Mira o que era que despois eu andaba sempre de paisano, e collíame na calle e botábame o brazo pola espalda. Andaba comigo coma se fose familiar del. Sempre ese comandante. E foi o que me avisou de que non falase nada de política, dice: “Porque te van a tener vigilado, ¿eh?” Eu nunca notei nada de que me vigilaran, nin tampouco eu me metín en cousa ningunha.

E pasei a mili ben. Todos me preguntaban por que tiña tanta amizade co comandante San Blas. Incluso un capitán que lle chamaban o capitán Villaderrey un día esperoume na porta do cuartel e preguntoume: “Oiga, artillero, ¿Por qué tiene tanta amistad con el comandante San Blas? E díxenlle eu: “Porque era muy amigo de mi padre”. “¿y entonces luego ahora no lo es? E dixen eu: “No, porque a mi padre lo fusilaron cuando la guerra”. Díxenllo así. E dixo: “¿Y usted es de La Estrada? “Si”. “Pues mi suegro estuvo de juez en La Estrada”. E díxenlle eu: “Si, pero yo era un niño cuando marché para la aldea y yo, —porque me dou o nome do sogro xuíz—, y yo no lo conocí, no me doy cuenta de el”. E pasou. Pero ao outro día máis encontrroume e xa me dixo: “Artillero, venga aquí”. Fun donda el e díxome: “¿Usted tenía una hermana que se llamaba Pura?” E dixen eu: “Si”. “¿Y era modista?” E dixen eu: “Si”. E dixo: “Porque su hermana Pura cosía en la casa de mi suegro, cuando estaba de juez en La Estrada”. Así que mira, ¿eh? Todos sabían que fusilaran a meu pai, sabíano todos. O sargento do regimiento meu sempre se metía comigo, en contra de min, “Eses falangistas, eses tal...”. Pero eu, caladiño, eu nunca daba declaracións dunha clase nin doutra. Eu, calado.

OB. *¿Algún dos compañeiros que estiveron encarcerados con seu pai volveron?*

CF. Meu pai, nas cartas que saliron no libro do museo contaba que se iban salvar coa axuda de xente como o señor Pego, que era guardia civil, e xente que tiña moito trato con el, pero non foron capaces de facer nada con el, nin don Nicolás, nin Melania Nine. Nin por el nin polos outros seis que mataron con el, que eran sete, que eran os que pertencían á corporación do Axuntamento daquela. Algúns salváronse: un que xa morreu, que lle chamaban Rosendo, Puente, Eriberto e Goldar, pero Goldar agora xa non se pode falar con el. Falan comigo, levámonos ben.

OB. *¿Qué cousas lle contaban de cando estaban no Lazareto?*

CF. Bueno, das dificultades que tiveron alí no Lazareto, dos jefes, que eran criminales, eso si; Puente é o que máis fala hoxe, porque é o que ten mellor sentido, aos noventa e dous anos que debe ter. E teño moito contacto con eles; e Eriberto igual.

OB. *¿E que pensas de que agora a illa de San Simón estea aberta para que a xente vaia vela e saiba o que alí pasou?*

CF. Eu xa estiven alí vendo todo aquilo, entristécete moito, e Puente, que xa estivera alí, era o que máis me explicou as cousas todas que pasaban alí, e tristeza, pero, ¿Qué lle vas facer? Agora xa non hai volta atrás. Agora hai que pensar no futuro e non se pode pensar no de atrás.

OB. *¿E que pensas da Lei da Memoria Histórica e de cambiar os nomes das rúas franquistas?*

CF. Eu eso vía ben. E un día preguntoume Chito, Chito Casagrande, díxome: “Tino ¿ti vas reclamar polo de teu pai?” e díxenlle eu “¿Qué vou reclamar? ¿Onde está?” Porque enterrárono en Pontevedra, e eu estiven no cementerio de Pontevedra nunha ocasión, e estaba alí o encargado e díxonos: “Pensamos que están aquí [os cadáveres dos fusilados] pero fixeron panteóns encima”. ¿Qué vas buscar agora? Os que están por aí tirados no monte, pois pódese saber deles, pero os nosos foron enterrados alí, ¿vas tirar os panteóns? Entón non hai nada que reclamar, ¿Qué vas facer? Non tes nada que facer.

OB. *¿E pareceche ben que quiten as estatuas de Franco?*

CF. Si, eso está ben que as quitaran, si, non ter recuerdos deses. Eu vino ben que as quitaran.

OB. *¿Ti crees que é importante facer entrevistas coma esta para que non se esqueza o que pasou?*

CF. Si, está ben para non olvidar. Pero a xuventude agora non cree nestas cousas. Cóntaslle o que pasou antes e non o creen, pensan que lles estás contando un conto. E a miseria que se pasou e todo eso. Queixámonos agora, e vivimos como rajás.

OB. *¿De que se lle acusou a seu pai?*

CF. A meu pai acusárono de que daquela, cando foi a sublevación, pois que foron a Pontevedra para defender a capital, chamábanlles os escopeteros, pero eu sentín falar que meu pai non fora. E acusárono deso, acusárono deso.

OB. *Incluso lin que o acusaran de comunista.*

CF. Non, meu pai comunista non, que meu pai foi sempre socialista. Primeiro era radical socialista e despois foi cando se cambiou para o partido republicano. Meu pai ao final era republicano, non había outra cousa daquela. E despois non sei se estaba metido no sindicato da UGT e na Casa do Pueblo.

OB. *O que debía ser un personaxe moi importante na Estrada e que axudou a moita xente era don Nicolás o cura ¿verdade?*

CF. Don Nicolás, si. Axudou a moita xente. Dígoche que cando foi defender a meu pai a Pontevedra, díxéronlle que era máis roxo el que os que estaban xulgando. E don Nicolás, cando fun onda el polo asunto de casarme preguntoume de quen era, e díxenlle: “mire, eu son fillo de Ramón Fernández Rico”, botoume a man polo lombo e dixo: “vaite de aí, que xa eu falarei co cura de Paradela, que te case sen problema ningún”. Nin me dixo vente confesar, porque había que levar un papeleño do cura de haberte confesado. E o cura de Paradela xa se portara ben connigo, porque me coñecía e quería ben; e eu díxenlle: “don José ¿teño que traer un certificado de confesarme? “Non, non –falaba el así–, ti non tes necesidade de traelo”.

Don Nicolás moi ben, con nós don Nicolás portouse sempre moi ben, e cando enfermou miña nai, don Nicolás iba onda ela e deixáballe os cartiños debaixo da almohada. E mentres viveu, que estivo un mes ou mes e pico na cama antes de morrer, metíalle os cartiños debaixo da almohada. En cambio outro trataba de levar-

lle cartos e miña nai zapateáballos, sempre tratou de darnos cartos pero miña nai nunca llos aceptou porque sabía que era o acusador de meu pai e non lle quería aceptar os cartos. E despois houbo moita máis xente de aquí que xa morreron, familias que iban á casa e deixaban os cartos, e que non se dixera o nome. A nai de Paco Ansedes, o que tiña o taller, leváballe os cartos a miña nai: “Pura, non digas nada que che dei cartos”. Porque tiñan medo. Houbo moita xente que axudou.

OB. *E doña Melania ¿Tamén vos axudou?*

CF. Si, doña Melania tamén axudou a meu pai. Foi a Pontevedra a falar a favor del. Porque meu pai, cando se arreglou a igrexa, meu pai contribueu. ¿Quen foi que me ensinou un periódico, un periódico da Estrada daqueles tempos?, viña o nome de meu pai e da cantidade de cartos que dera para a construción da igrexa. Así que mira, que meu pai non estaba en contra da Igrexa. Doña Melania foino defender a Pontevedra, e máis don Nicolás. Despois había un guardia civil, Pego, un cuñado de José Casagrande; pois tamén defendía a meu pai, eran amigos e defendía a meu pai. E houbo un señor que era andaluz, que era carabineiro, e vivía alí, onde viviamos nós, onde está hoxe Garrido, era unha casinha baixa, con un solo piso e o local de atrás, e ese carabineiro animou a meu pai para que marchara. Díxolle: “¡Ramón, vete, márchate, márchate!” “Yo no abandono a mis hijos, yo no abandono a mis hijos”. Pero abandonou. Se chega a marchar para Venezuela, se cadra sería a nosa salvación. Pero quedou. E foi o fracaso.



Breve achega biográfica a don Antonio Liste Rodríguez, “O Cura Liste” (Riobó 1912-Cambados 2003)

Juan Fernández Casal
juanfernandezcasal@hotmail.com

Resumo. Don Antonio Liste Rodríguez foi un daqueles sacerdotes de antano que compaxinaba armónicamente o seu labor pastoral coas iniciativas de índole intelectual e social, sempre ao servizo dos demais. Foi un home de ideoloxía marcadamente conservadora, culto, aberto, cordial e optimista, que soubo empregar as súas moitas amizades e altas influencias no engrandecemento do pobo dos seus amores, Cambados, contribuíndo á creación e consolidación da Festa do Albariño, e á apertura do seu Parador de Turismo.

Abstract. Antonio Liste Rodríguez was a priest of yesteryear who combined harmoniously his pastoral work with initiatives of intellectual and social nature, always serving the others. He was a cultured, open-minded, friendly and optimistic man with a markedly conservative ideology who knew how to use his friendships and influential contacts for the development of his lovely town, Cambados, contributing to create and consolidate the Festa do Albariño (Galician Wine Festival) and the Tourism Hotel opening.

Introducción

Nesta prestixiosa publicación anual *A Estrada, miscelánea histórica e cultural* publicáronse biografías de persoas que permanecen la lembranza de todos os estradenses. Foime doado facer un reconto despois de revisar os artigos dos trece tomos ata agora publicados: son vintedúas as personalidades que mereceron a atención dos nosos estudosos; entre eles só aparecen dous sacerdotes: don Nicolás Mato e don Manuel Castiñeira.

Neste volume número catorce introducimos unha nova figura a investigar, tamén sacerdote. O seu nome: Antonio; apelidos: Liste Rodríguez, nado no lugar de Os Besteiros da parroquia de San Martiño de Riobó, preto de Pazo de Oca e párroco en varios lugares do arcebispado de Santiago.

Tentamos aquí ofrecer unha breve semblanza biográfica deste sacerdote practicamente descoñecido para os estradenses pois a



Don Antonio Liste Rodríguez- "O Cura Liste".

meirande parte do seu exercicio pastoral levouno a cabo, durante nada menos que corenta anos, na parroquia de Cambados.

O autor desta investigación desexa aclarar, por coherencia intelectual e honestidade cara aos lectores, que o noso biografiado observou durante toda a súa vida unha ideoloxía de dereita, foi defensor do franquismo e entusiasta admirador de don Manuel Fraga. Pero dito isto cómpre tamén engadir que en multitude de ocasións empregou a súa innegable influencia política para axudar a feligreses e amigos, resolvendo problemas de toda índole chegando incluso, como se verá máis adiante, a salvar a vida dalgunhas persoas condenadas pola súa ideoloxía republicana ou de esquerdas.

Quixera engadir tamén que a meirande parte da información que aportamos procede do seu propio protagonista: foi unha auténtica

ledicia escoitar da súa boca estes testemuños do pasado expresados cunha linguaxe amena, sinxela e elegante.

Traxectoria vital

Nace don Antonio Liste Rodríguez o día 15 de xullo de 1912 na casa co actual número 10 do lugar de Os Besteiros, parroquia de San Martiño de Riobó, no concello da Estrada. Foi o sétimo fillo dun total de trece, nados do matrimonio formado por Manuel Liste e Eladia Rodríguez.

Deixamos reseñados os seus nomes por orde de idade: Cecilia, Matilde, Daniel, Luisa, Xosé, Antonio, Serxio, Félix e César, máis outros tres nacementos malogrados. Na actualidade xa non queda ningún deles. A derradeira dos inmáns Liste Rodríguez, Isabel, faleceu no 2008.

Seu pai, Manuel, natural de San Pedro de Orazo, era industrial madeireiro. Dirixía un serradoiro da súa propiedade que estaba instalado no lugar de Chancelas, na parroquia de Oca. A forza motriz procedía dunha máquina de vapor que movía dúas serras. Naquel tempo era fogoneiro o señor Oliveira, natural tamén de Oca. Cóntanme os netos do industrial que este fogoneiro dormía na mesma fábrica para que pola mañá a máquina tivese presión abondo para mover as serras. Anos máis tarde trasladan esta industria para o lugar de Balboa, na parroquia de Arnois. Pero eiquí xa movida por unha máquinaria coa potencia necesaria para mover catro serras e unha cepilladora. Esta máquina aínda segue no seu lugar empotrada no cemento despois de case cincuenta anos de inactividade. O labor destes serradoiros limitábase a elaborar táboas de pino de 2,5 m.

Manuel Liste foi tamén director dunha banda de música que naquel tempo lle chamaban a “Banda de Orazo”. Este conxunto musical amenizaba os bailes nos campos das festas parroquiais, acompañaba ás procesións e daba os concertos despois da misa cantada que se celebraba en honra do santo ou patrón da parroquia. Ás veces, cando a comisión organizadora carecía de abondoso presuposto, debían contentarse cun gaiteiro e o tamborileiro, personaxe imprescindible pois era o que marcaba o ritmo dos pasos de baile.

Pero este activo industrial e director de música aínda tiña tempo para realizar outras actividades. Na actualidade diríamos que facía de “xestor ambulante de bens patrimoniais” en compañía do seu socio, San Luis, da parroquia de Remesar. Aclaremos un pouco o tema: naqueles tempos estaba en plena actividade a emigración cara Hispanoamérica, especialmente a Cuba e Arxentina. Moitos destes emigrantes botaban raíces neses países e deixaban en Galicia o seu patrimonio. Pois estes avispados negociantes interesábanse por todas aquelas terras e casas dos propietarios afincados en América; estudaban o seu posible valor e aos posibles interesados na compra. Moitas veces era herdanza que aínda estaban sen partir. Establecían contactos con posibles vendedores ou parentes autorizados nas feiras do gando onde acudían os veciños das parroquias que estaban preto do lugar do mercado. Con uns e con outros parolaban e trataban a compra con pago en man.

Debía ter unha grande actividade pois dicíame un neto deste xestor que incluso tiña unha oficina na súa casa dos Besteiros na que administraba e arquivaba toda a documentación relacionada con estes trámites de compra-venta. Despois de compradas estas terras, parcelábanas e vendíanas por tres veces o valor de compra. Mentres, a señora Eladía, esposa de Manuel e nai do noso biografiado Antonio Liste coidaba e educaba aos seus dez fillos, abondosa tarefa para esta prolífica nai.

Fixémonos agora na fotografía nº1: está datada no ano 1915 e corresponde á casa onde naceu don Antonio; nela aparecen seus pais e avoa con outras persoas alleas á familia, veciños de porta. O noso cura é ese cativiño agarrado ás faldas da súa avoa tal vez asustado ante a presenza do fotógrafo e da aparatosa “cámara fotográfica” daquel tempo.

Ademais de recoller a primeira imaxe do cura, a fotografía por sí soa ten un extraordinario valor documental. Nela quedan recollidas as maneiras de vestir daqueles tempos e reflexan tamén as faces queimadas polo sol. Non se ve ningunha cara co sorriso de felicidade. Todas teñen un aire de tristura e sufrimento.

Nesa casa de apenas cincuenta metros cadrados naceron os trece fillos do matrimonio e criáronse dez: todos eles foron fortes e sans e

chegaron a vellos. Claro que nesta vida todo ten un fin. De todo este grupo de xente eiquí retratado ninguén está xa entre nós.

Vocación sacerdotal de Antonio

Era frecuente naquel tempo que moitas familias quixesen dedicar un fillo á igrexa custeándolle os estudos do sacerdocio; era unha maneira de sacar adiante aos fillos ben dotados para o estudo e tamén de asegurar a vellez dos propios pais na compañía do fillo sacerdote, sen esquencer a relevante posición social que daquela aínda tiñan os curas. Don Antonio, Antucho, como lle chamaba a súa familia, moitos anos despois, descubriu, cal fora a orixe da súa vocación sacerdotal. Aínda non adolescente, estaba escoitando con atención a homilía dun misioneiro na igrexa parroquial e quedou tan entusiasmado das bonitas verbas do predicador, que na súa mente propúxose ser algún día coma el. Coa inocencia dos seus poucos anos comentouno cos pais. Estes, engaiolados pola nova, animaron a este mocíño e falaron co señor cura da parroquia.

Ingresa no Seminario, naquel tempo acugulado de alumnos, pois vocacións sacerdotais non faltaban. Formaba parte do cadro de profesores o que máis tarde sería o Cardeal Quiroga Palacios que tanto había de influír na súa vida de sacerdote. É interesante describir eiquí o modo de vivir en comunidade destes aprendices de curas. Son informacións recollidas do propio don Antonio nas numerosas charlas que tivemos con el nas derradeiras etapas da súa vida.

Refírome concretamente aos xantares, que se realizaban en comunidade pero en diferentes comedores. Os seminaristas de media beca tiñan só dereito a unha cunca de caldo. Os de beca completa, ademais da cunca de caldo, ofrecíanlle outro prato, e os maiores, que xa cursaban teoloxía, podían tomar un vaso de viño mesturado con auga

Os pais dos alumnos aproveitaban as boas comunicacións que había no día de mercado que se celebraba o xoves para levarlles aos futuros curas mudas e algún que outro complemento alimenticio. Seguíame contado don Antonio que no seu tempo un sacerdote de Remesar, don Francisco Silva Señoráns, instituíra unha beca para os

nenos pobres da parroquia que quixesen seguir estudos eclesiásticos. Gozara desta beca o veciño de Remesar, Xosé Campos Calveiro, párroco que foi de San Miguel de Castro durante moitos anos. Tempos despois, cando a vida se puxo máis cara, esta beca solo daba para media pensión e despois minguou tanto que apenas significaba axuda.

O noso sacerdote, cando estaba no mellor da súa actividade parroquial e gozaba de boa situación económica, púxose de acordo con outro párroco nativo desta comarca e compañeiro de estudos, don Constantino Neira, para aportar entre os dous o capital necesario para custear os estudos dun futuro sacerdote; consultaron este extremo na Secretaría Arcebispal e contestaron que serían necesarios once millóns de pesetas; era polos anos setenta do pasado século vinte

Pero retomemos o fío dos estudos do noso personaxe, mociño de arraigada vocación e grande forza de vontade, dotado dunha intelixencia clara e unha prodixiosa memoria. Todas estas cualidades intelectuais e temperamentais facilitáronlle unha carreira rápida e brillante.

Ordenación sacerdotal

Terminados os estudos eclesiástico foi ordenado sacerdote na catedral de Santiago nunha cerimonia colectiva con outros quince condiscípulos. Anos aqueles nos que era abondoso o elemento humano para este destino eclesiástico. Era o día seis de xuño do ano 1936. Este misacantano, catro días máis tarde, celebra a primeira misa na capela do pazo de Oca, preto da súa casa. Actuou de padriño de altar o párroco don Francisco Arias Diéguez e foron padriños de mans seus pais Manuel Liste Villaverde e Eladia Rodríguez de Liste. Ocupou a sagrada cátedra o Rvdo. don Luis Herrera Oria, prestixioso xurista e periodista que habería acadar a púrpura cardenalicia.

De inmediato asignáronlle o primeiro destino na parroquia de San Pedro de Cambás, Aranga (A Coruña), aldea totalmente illada e sen acceso doado; alí atopouse con unha realidade allea aos estudos teóricos de dogma, moral e teoloxía. Como era costume, ao párroco facíanlle compañía os pais ou unha irmá. Neste caso acompañouno Matilde, a maior dos dez irmáns, que exerceu de ama de casa do cura.

Persecucións políticas

Como xa dixemos, era don Luis Liste un home de dereitas. A súa profesión e dedicación sacerdotal obrigáballe a seguir o ideal político máis acorde coas súas crenzas. Cómpre tamén salientar que foi un convencido monárquico. Con estas aclaracións previas podemos xa seguir adiante.

Nas datas previas ao golpe militar dirixido polo xeneral Franco, España vivía unha convulsa situación social de persecucións políticas ás que non foi allea a figura de don Antonio cando comezaba a súa vida pastoral. Persecucións que tamén se sufriron, pero en sentido contrario, cando Franco se instalou no goberno de España. Pero vaíamos ao noso biografiado. No comité revolucionario da Estrada acordárase a eliminación dunha cantas persoas contrarias ao seu ideario político. Entre elas encontrábanse o noso recien ordenado sacerdote don Luis Liste; o daquela párroco de Loimil, don Ramiro Moreira Filloy e o Sr. Durán, pai do que anos máis tarde sería alcalde do Concello da Estrada.

Un piquete de milicianos armados con escopetas pónense en camiño cara a Riobó para conducirlos ao cuartel da Estrada. O párroco de Loimil parece que logrou fuxir a tempo pero o señor Durán e o cura Liste tiveron que agacharse na casa de Rodríguez de Os Besteiros, na parroquia de San Martiño de Riobó. Ao día seguinte deberon buscar asilo máis seguro pois a casa estaba vixiada. Nos sotos da antiga fábrica de papel que había neste lugar buscaron novo refuxio e alí permaneceron varios días alimentándose coa comida que lles levaba Xosé Baltar.

Tralo golpe militar recuperan a liberdade e incorpóranse, un á vida civil como industrial e o outro á súa parroquia. Instalado xa o goberno franquista, as autoridades militares obrigaron a estes tres homes a declarar denunciando aos seus perseguidores, mais o certo é que, de mutuo acordo, decidiron calar e non presentaron ningún cargo, dando o incidente por esquivado.

Incorporación a filas

No mes de agosto do 1937 é reclamado para incorporarse a filas porque a súa quinta fora mobilizada para incrementar o número de

combatentes nesta guerra civil que tanta destrución, dor e mortes causou na patria. Foi destinado ao fronte de Madrid onde se estaba a loitar polo control da capital, no poder do outro bando; pero non coma combatente na vangarda senón para atender ás necesidades espirituais dos soldados como capelán castrense. Estivo presente nas longas e crueis batallas do Ebro, onde tamén exerceu de camioneiro militar seu irmán Serxio, que se incorporara máis tarde. Ningún dos dous sabía que coincidían no mesmo campo de batalla. Lucita, unha filla de Serxio, contábame que nunha ocasión seu pai viña do fronte do Ebro cara a Galicia cunha carga de material de guerra sobranste. Nunha das estradas aragonesas encontrou un soldado co macuto ao lombo que facía autostop. Parou o camiión e faille xestos ao pobre soldado para que subise. Xa dentro do coche danse a coñecer. Era seu irmán Antonio que camiñaba cara a Galicia licenciado do exército. ¡Cal sería a emoción de seus pais que vivían angustiados pola ausencia de noticias dos dous fillos cando lles chegan no camiión á súa casa de Riobó!

Pero sigamos. Neste tempo fíxose especialista radiotelegrafista, cargo que desempeñou de maneira permanente compartíndoo co de capelán castrense. Conquistado Madrid, as obrigas militares deste soldado con dous destinos non debían ser moi ríxidas porque, ademais de atender estas dúas misións de capelán e radiotelegrafista, ten a oportunidade de facer un curso de periodismo na escola "El Debate" fundada por Ángel Herrera Oria, quen máis tarde sería nomeado cardeal.

Licenciado do servizo militar

Rematada a guerra incorpórase ao seu labor pastoral como párroco de Santa María de Torás, Laracha (A Coruña), previa presentación *in solidum* polo marqués de Camarasa a quen correspondía este dereito como sucesor e posuidor das prerrogativas vinculantes inherentes ás casas de Parga, Sillobre e Xunqueira. Súa irmá Matilde continúa exercendo como ama de chaves do cura. Nesta estadía en Laracha inicia o labor de misionero predicador nas comarcas do seu entorno e ao parecer con grande aceptación. Tanto ao cura como á

súa irmá pareceríalles que esta parroquia ía ser a definitiva; tanto é así que ela colle mozo e contrae matrimonio. De esta maneira o cura seguiría tendo ama e Matilde criaba unha nova familia. Pero o Vicario Pastoral da diocese santiaguesa non compartía eses plans e dálle un novo destino a don Antonio: a parroquia de Romai, no concello de Portas, na provincia de Pontevedra. Agora sí que o cura queda sen ama porque Matilde seguiu co marido en Laracha.

O arcebispo Quiroga Palacios seguía con especial atención as actuación deste sacerdote que anos antes fora seu alumno no seminario. Quería ilo promocionando pois contaba con el para destinos de máis responsabilidade. No ano 1946 toma posesión da parroquia e leva como ama a súa irmá Isabel, a máis nova da familia, aínda unha mocíña que non pasaba dos vinte anos. Impresiona esta decisión pois sacrificou por seu irmán unha posible vida matrimonial para facerse cargo da vacante que deixara Matilde.

Incorporación á nova parroquia

Cando levaba algúns anos en Romai, unha devota de Cambados doara a esta parroquia un valioso patrimonio inmobiliario, patrimonio que conviña clarexar, tarefa que o cardeal Quiroga encomendou a don Antonio a quen considerou o mellor cualificado para levala a cabo. Ademais encargoulle a administración da parroquia de Santa Mariña de Dozo, Cambados, en propiedade, destino ratificado por resolución de 25 de xaneiro de 1963, previa presentación da Duquesa de Alba, a quen lle correspondía ese privilexio como sucesora do conde de Monterrei. Este nomeamento orixinou certa polémica e desencanto entre os fregueses de Cambados; tanto é así que houbo protestas públicas e formouse unha comisión para entrevistarse co cardeal. A orixe deste descontento procedía de que, desde o falecemento do anterior párroco, rexentaba a parroquia un coadxutor co que os cambadeses estaban moi contentos e sentoulles mal que o cardeal non o confirmase no seu cargo como párroco e fose cesado para dar paso ao cura de Romai, don Antonio Liste.

A comisión nomeada para este efecto tivo unha entrevista co cardeal, pero este, con moi boas palabras logrou convencela de que

o cura de Romai era o máis adecuado para Cambados. Temos referencias directas da xestión realizada perante o cardeal recollidas pola da familia Liste. Parece ser que encabezaba esta comisión e exercía de portavoz o xuíz do xulgado de Cambados.

O cardeal recibe a comisión, escoita con atención e respecto as peticións e ao remate o cardeal lembroulle ao xuíz que tiña a obriga de velar polo ben da Igrexa e concretamente polos fregueses de Cambados e consideraba que o sacerdote Antonio Liste era a persoa apropiada para ocupar a vacante e que polo tanto quedaba confirmado o seu nomeamento. E dou por terminada a entrevista con estas verbas: "Señor xuíz, vostede administre xustiza que eu asumirei o control das persoas que deben ocupar as parroquias da miña diocese".

Con estas verbas quedou don Antonio ratificado como párroco de Santa Mariña de Dozo, Cambados, servicio ao que dedicou corenta e tres anos, ata o seu falecemento o vinte e catro de maio de 2003, á idade de noventa anos, sesenta e seis deles dedicados ao seu labor pastoral como párroco.

Consagración como orador sagrado

Aquela ilusión que tivera de meniño cando escoitaba a prédica dun sermón de coesma na súa parroquia veuna realizada moitos anos despois. Na parroquia de Romai comezou a darse a coñecer como bo orador sagrado e desde alí realizaba decote saídas ás parroquias do entorno. Era o predicador oficial da zona cando se celebraban triduos ou novenarios, tan frecuentes noutros tempos. Pasado o tempo acadou tal fama como predicador que de todas partes era reclamado como orador sagrado en misións por Coesma, Semana Santa, en novenarios, triduos e en todo tipo de celebracións, pois daquela calquera celebración relixiosa, se non estaba acompañada dun sermón a cargo do cura Liste, non tiña lucimento.

Preguntarémonos quen atendía a parroquia de Romai na ausencia do cura; velaquí a resposta: As obrigacións propias do sacerdote, como a celebración da misa, confesión e outras liturxias eran levadas a cabo por un cura dunha parroquia veciña, moi pobre e de poucos fieis, don Constante, que todas as mañás celebraba a misa en ausencia

do párroco e atendía ademais as urxencias que se lle presentaban. E facíao gustosamente polo estipendio da misa e pola cunca de chocolate que a ama lle tiña preparada ao finalizar a misa.

O aspecto administrativo da parroquia era xestionado pola propia irmá, dona Isabel que, ademais de facer de monaguillo e preparar as roupas da liturxia, levaba con todo detalle o papeleo necesario nos preparativos de vodas, bautizos, confirmación, etc.

Os sermóns de Coresma

Para entrar debidamente neste tema da predicación das misións quixera clarear algunhas lembranzas xa moi afastadas no tempo, recordos sobre esta práctica relixiosas tan frecuentes na católica España.

Co fin de que os fieis renovasen a súa vida espiritual a Igrexa programaba diversos actos relixiosos entre os que destacaban os sermóns impartidos por un orador sagrado coa fin de reforzar a súa fe e pedir o arrepentimento de todos os seus pecados. Terminaba a misión cunha confesión xeral e comuñón. O argumento principal que usaban os oradores estaba baseado no temor ao inferno, que describían como lugar terrorífico de lume eterno a onde se enviaba aos pecadores que morrían en pecado e sen arrepentimento. O predicador recreábase en presentar ao demo coa forza na man puxando aos pobres condenados cara as lapas e describía con efectivos tons de voz estas escenas que facían tremer de medo aos oíntes. *Había más llantos y gemidos que en sermón de Cuaresma*, dicía Quevedo nunha frase do seu Buscón.

Don Antonio non deixou ningunha obra escrita nin creou ningunha escola de oratoria. Tampouco queda nada da súa obra pastoral ou social que de algunha maneira poida recordar a súa persoa. Toda a súa obra realizouna mediante a palabra nas homilías, novenario e principalmente nos sermóns coresmais que durante máis de corenta anos predicou en moitos lugares de España pero con máis frecuencia nesta rexión galega.

Tiña grande prestixio como orador sagrado, non pola vehe-
mencia da expresión nin polas froituras lingüísticas, senón pola

sencillez e penetración psicolóxica. Según os comentarios dos compañeiros que escoitaban as súas verbas, non estremecía aos fieis cos seus laios coma naqueles sermóns de tempos idos, senón que os ía seducindo, convencendo con argumentos claros e sinxelos. Un crego, oínte habitual destes sermóns, comentábame que gozaba espiritualmente escoitándoo pola beleza con que se expresaba.

Xeralmente, os párrocos que acollían a este predicador, procuraban ofrecerlle suculentos banquetes pois coñecían os costumes gastronómicos do sacerdote. Era home san e amante da boa mesa, axudado por un forte aparato dixestivo; e por un se acaso regresaba á súa rectoral, despois dunha temporada de sermóns fóra da casa, con desarreglos dixestivos, a súa ama e irmá, dona Isabel, coñecedora perfecta destas situacións, xa lle tiña preparado este sorprendente e eficaz remedio: unha cunca con sopas de bola de millo en viño albariño.

Se puideramos recopiar toda a súa predicación durante os cincuenta anos do seu ministerio nos púlpitos farían falta moitos libros. Eles serían un bo rexistro do seu bo dicir, do doado que lle era entrar na profundidade da mente humana e captar a atención dos oíntes.

A Santa Misión de Barcelona, 1961

No ano 1961 celebrábase en Barcelona unha misión de carácter relixioso co título de "Santa Misión de Barcelona". Os mellores predicadores daquela época foron invitados a participar nesta actividade relixiosa. Entre eles estaba don Antonio Liste, convocado por medio dunha carta que reproducimos a continuación:

COMISIÓN ORGANIZADORA DE LA SANTA MISIÓN DE BARCELONA. Febrero de 1961 (palacio episcopal, Barcelona, 26 de julio 1960).

Muy Reverendo Padre y distinguido hermano en el Sacerdocio. Seguramente conocerá, ya que ha sido designado para Misionero de la gran Misión de Barcelona, que se celebrará, Dios mediante, en la primera semana de Cuaresma de 1961. Nos congratulamos íntimamente de su preciosa colaboración, en nombre de nuestro Sr Arzobispo y de la Comisión Organizadora. Ya tendremos ocasión de comunicarnos. Con el debido tiempo le facilitaremos temario y características del Centro Misional que le será encargado. No dude en escribirnos sus puntos de vista en orden a la propaganda y efectividad de la Santa Misión. Entre todos hemos de buscar que esta Misión imprima una profunda huella y

salve todas las almas posibles. Desde ahora encomendamos nuestros trabajos y la Santa Misión a sus fervorosas oraciones y las de las personas que Vd. se lo pueda confiar. Afectuosamente en Jesús y María: José Ricart, Pbro.

Despois desta transcripción só quixera facer dúas observacións: esta invitación de carácter nacional supón que encontrarían neste sacerdote as cualidades extraordinarias que se necesitan para esta difícil tarefa misioneira; tamén sorprende que non esixisen a este orador sagrado o dominio de catalán. Aínda corrían outros ventos.

Conferencias culturais

Ademais das súas actividades como predicador a súa bagaxe cultural permítalle impartir conferencias en diversas partes de España; recollemos eiquí só unha das moitas que realizou porque nos dá pé para relatar unha curiosa anécdota. Nunha das frecuentes viaxes que realizaba pola xeografía española, acompañado pola súa irmá Isabel, chegara a Sevilla. O director do “Centro Galego de Sevilla” rogoulle que pronunciase unhas charlas sobre un tema, á súa libre elección: disertou sobre o comportamento da mentalidade galega e andaluza.

O curioso foi que ao final dunha desas charlas, cara ao mediodía, o director de centro invitouno a tomar un *pezcaíto frito* nun deses establecementos tan abondosos, na súa maioría dirixidos por estradenses da parroquia de Santo Tomás de Ancorados. Naquel tempo só en Sevilla había instalados quince fritideiros dos que cinco deles eran os máis frecuentados pola *elite* sevillana. Un deses fritideiros era propiedade de José Castro Bascuas, natural da parroquia de San Pedro de Ancorados e pai de Estrellita Castro, cupletista de fama mundial e artista de cine, quen no ano 1957 dou un recital das súas cancións no Teatro Principal da nosa Vila.

Mentres o conferenciante, o noso cura Liste, e o director do Centro Gallego estaban a saborear unha ración da sabedeira fritura acompañada dos quantóns viños andaluces, o director chama ao camareiro e fai ademán de pagar a consumición. O sacerdote, bo degustador de abundante comida, esperaba que a continuación servisen o segundo e seguintes pratos. Polo que preguntou sorpren-

dido se non había máis manxares. Admirado este director, mira sorprendido para o seu invitado e sen outra palabra chama polo camareiro e dille: *outras dos tapas de pezcaíto, por favor.*

Coido que sobran comentarios. Esta anécdota define por sí sola o comportamento e os hábitos alimenticios dun galego e dun andaluz.

Unha homilía en Riobó

Don Antonio Liste nunca elaboraba un guión ou borrador das súas homilías e sermóns. Comentoume algunha vez que nos seus comezos como conferenciante preparaba concenzudamente os sermóns e incluso os memorizaba; pero cando chegaba o momento de facer uso da palabra esquencía todo. Entón xurdía a espontaneidade. Estas dificultades de lembrar o escrito no borrador previo fixéronlle decidir non facer máis borradores. Todo o máis, cando se dirixía a uns oíntes dun nivel cultural elevado, elaboraba un guión cos temas que debía tratar. Desta maneira, sen apenas esforzo mental, as verbas acudían doadamente. Non era xesticulante nin recorría ás escenas tan cheas de terror dun inferno que nos está esperando á volta da esquina ao estilo clásico. A súa oratoria era sinxela, o seu falar, pausado, pero as súas palabras eran moi doadamente comprendidas por todos.

Permítaseme relatar unha anécdota que acae moi ben aquí: no ano 1982 a parroquia de San Martiño de Riobó rendeulle unha homenaxe ao seu ilustre veciño e médico da Estrada, don Saturio de la Calle Sáez. A este acto asistiron personalidades locais e de outros municipios, case a totalidade do clero comarcal e a maioría dos veciños da parroquia. Empezaron os actos cunha misa solemne na que a homilía estivo a cargo de don Antonio Liste, grande e antigo amigo do homenaxeado, a quen lle rendeu un emocionado recordo e de seguido celebrouse unha comida de confraternidade na que se lle entregaron varios obsequios. Don Antonio Liste entregoulle ao homenaxeado a copia íntegra da súa homilía en papel pergamiño, modelo a imitar como estilo do seu modo de ben falar, sinxelo, emotivo no que resaltou as virtudes do homenaxeado. Recordo que o inesquecible Xosé Figueiras tamén leu, na súa florida linguaxe, unhas sentidas verbas.

Relacións sociais

Don Antonio cultivaba a amizade de todas as persoas; era por iso que contaba con innumerables amigos de todas as calidades e categorías. Tiña amigos en todas partes: no ámbito político, militar, na nobreza e incluso dentro da propia xerarquía eclesiástica. Na súa casa celebraba frecuentemente comidas con motivo de algunha festividade ou onomástica na que reunía o máis selecto das personalidades da política e da sociedade daquel tempo. Cando o seu comedor quedaba pequeno, celebraban o xantar nun restaurante preto da reitoral. Durante a comida arreglábase o mundo, é un dicir. Velaquí, a modo de exemplo, algúns dos comensais do xantar polo San Antonio no ano mil novecentos oitenta: Gobernador Civil de Pontevedra, Gobernador Militar, Marqueses de Fefiñanes donos do pazo de Fefiñanes, xerarquías eclesiásticas e destacadas personalidades da industria, do comercio, das ciencias e das artes. Con todas elas compartía, o cura Liste o ideario político xa coñecido: que Franco e o seu goberno foran unha bendición para a España católica e que os gobernos de esquerdas malograsen a boa marcha de España. Máis adiante, despois do falecemento de Franco, foi devoto e fiel seguidor de Manuel Fraga. Tamén mantiña moi boa amizade con don Juan de Borbón. Foi tamén moi bo amigo do presidente da Arxentina, don Juan Domingo Perón, con quen coincidiu en varias ocasións estando este xa no seu exilio en España. Coñeceu e tratou tamén á súa esposa, María Estela Martínez.

Mención aparte merece a cordial relación co marqués de Camarasa e actuais duques de Segorbe, propietarios do pazo de Oca. Nunha ocasión, estando este redactor conversando con don Antonio, chegou súa irmá Isabel dicindo que o chamaba por teléfono un membro do Tribunal Supremo para saudalo. Apoiado nestas relacións amistosas de alto nivel, desenrolou unha intensa actividade social, gobernando en certa maneira, á sombra. Trataba de poñer no seu lugar as inxusticias que as leis non poden evitar; resolvía as inxustizas da xustiza. Se esta expresión, amable lector, a consideras moi atrevida, simplemente non a teñas en consideración. Pero o certo é que así era. Dicía sempre dos políticos: cando fas unha

petición e che di que si, quere dicir quizais; cando che di quizais, quere dicir que non. Cando che di que non, non é político. Poida que todo isto que explico non sexa debidamente comprendido por algúns; enténdoo perfectamente, mais tamén quero engadir que don Antonio Liste fixo moito ben neste mundo. E iso sabían todos os seus coñecidos, amigos e incluso inimigos, que acudían a el na procura de protección e axuda. Á súa maneira e cunha extraordinaria eficacia solucionaba problemas de toda índole, correxía inxustizas, solucionaba problemas familiares, relixiosos e inducía contactos políticos, incluso a nivel internacional. Toda persoa que tiña un problema, difícil de arranxar por vía ordinaria, buscaba remedio en don Antonio. Quizais rozando as leis pero sempre dentro dunha intachable moralidade. As notas necrolóxicas e crónicas da prensa con motivo do seu falecemento expresan estas actuacións do noso cura dunha maneira moito máis suave e velada:

MANUEL DE CORTES GARCIA, nacido en Codeseda el día 22 de marzo de 1867, bautizado el día 25, fue su único padrino su tío don Manuel Cortes, cura de san Pedro de Tenorio. Contrajo matrimonio en Cebreiro, O Pino (A Coruña) el día 9 de enero de 1895 con doña ELVIRA OTERO BARREIRO, nacida en Cebreiro el día 4 de julio de 1872. Falleció Manuel el día 11 de diciembre de 1897 a la edad de 30 años y su esposa el día 27 de septiembre de 1961, ambos en Codeseda. Dejaron dos hijas:

1. **Generosa Regina**, (objeto de esta digresión)

2. *María Generosa Cortes Otero*, nacida en Codeseda el día 2 de octubre de 1897, contrajo matrimonio el día 11 de septiembre de 1919 con José Esteban Ferro Cerviño, maestro, nacido en Buenos Aires el día 3 de agosto de 1893. Fallecieron ambos esposos en Pontevedra, José el día 20 de agosto de 1982 y su esposa el día 20 de mayo de 1994. De este matrimonio quedaron siete hijos todos nacidos en Codeseda.
- a) *María de la Trinidad Ferro Cortes*, nació 11 de mayo de 1921. Falleció célibe el 27 abril de 1943
 - b) *José*, nació 22 de julio de 1923, se casó el 16 de julio de 1955 en Oviñana- Cudillero (Asturias) con Alicia López Álvarez, siendo padres de cinco hijos; Luisa María, Alicia, Elvira, José Fernando y Juan Diego.
 - c) *Luis Manuel Ferro Cortes*, nació 19 de diciembre de 1925, contrajo matrimonio en Codeseda el día 5 octubre 1950 con Manuela Pego Gómez, quedando siete hijos: María de la Trinidad. María Cristina, Luis Manuel, Rafael Gonzalo, Jorge José, María de las Mercedes y Francisco Javier.
 - d) *Manuel*, nació 18 de agosto de 1928, casándose en la capilla de A Casela-Lamela (Silleda) el día 20 de diciembre de 1976 con María del Pilar Ubaldina Blanco Penide. Sin descendencia.
 - e) *María de la Concepción*, nació el 11 de septiembre de 1930, tuvo por esposo a Luis Ramón José Avelino Rubianes Buján casándose el día 22 de septiembre de 1959 en Paradela de Meis. Tuvieron un hijo llamado José Luis.
 - f) *Elvira*, nació el 21 de febrero de 1933, contrajo matrimonio en la iglesia de Santa María la Mayor de Pontevedra el día 27 de septiembre de 1957 con Juan Carlos Ameijeiras Blanco. Tuvieron tres hijos, Juan Carlos, Emilia Susana y Mónica Patricia.
 - g) *Rafael Gonzalo*, nació el 21 octubre de 1938, celebró el matrimonio el 20 de junio de 1964 en el Monasterio de Poio con Florinda Soto del Rio. De este matrimonio quedaron tres hijos, María del Mar, Rafael y Beatriz.

Luis Ignacio Rodríguez Taboada y Generosa Regina Cortes Otero, fallecieron ambos en Codeseda, doña Regina el día 20 de

enero de 1958 y don Luis el día 29 de septiembre de 1969. Tuvieron por hijas, nacidas en Codeseda, a:

1. *María del Socorro Rodríguez Cortés*, que nació el día 13 de agosto de 1925 y falleció célibe en la misma el día 22 de septiembre de 1939.
2. *María Luisa Rodríguez Cortés*, nació el día 17 de noviembre de 1926.
3. *Manuela Rodríguez Cortés*, nació el día 4 de julio de 1928.

Las hermanas María Luisa y Manuela Rodríguez Cortes, solteras y vecinas de la casa de Quintas (Codeseda) vendieron la casa de la Silva, siendo adquirida por compraventa en virtud de escritura pública otorgada en A Estrada el día 19 de enero de 2005, ante la notario doña Carmen Alicia Calaza López, por don Manuel Otero García, quien la recupera del abandono y estado de ruinas en que se encontraba, realizando una rehabilitación de esta casa hidalga, respetando totalmente el edificio original. Se compone de planta baja y alta, con una superficie construida de doscientos cincuenta y dos metros cuadrados. El bajo se dedicaba para guardar los aperos de labranza y la planta alta a vivienda. En la actualidad toda la edificación está dedicada a vivienda unifamiliar. En su rehabilitación se han retirado las uralitas que cubrían el tejado y los bloques de hormigón que en su fachada principal hacían de cornisa para ganar altura quedando integrada en el medio sin romper el equilibrio, finalizando las obras en este año de 2011.



Propuesta de blasón del concello de A Estrada

Luis Ferro Pego (texto)
leonvenera@aestrada.com

Javier García Gómez (dibujo)

Resumo. Conforme a lo estipulado por la Xunta de Galicia, ordenando adaptar los escudos municipales a una nueva normativa, el Ayuntamiento de A Estrada envía a la Comisión de Heráldica una propuesta que, respetando las directrices oficiales, incorpora al nuevo símbolo, en la medida de lo posible, los elementos más característicos de su antiguo emblema municipal. Se eligió el modelo que en este artículo se presenta y explica y que, en este momento, se encuentra a la espera de su aprobación definitiva.

Abstract. According to the official guidelines stipulated by Xunta de Galicia (Galician Autonomous Government), A Estrada city council has sent a proposal to the Heraldry Committee in order to, as far as possible, add the most characteristic elements of its local emblem to the new symbol. The model chosen is presented in the article and it is now waiting for the final approval.

En el decreto 19/2010 de 11 de febrero se aprueba el reglamento de símbolos de las entidades locales de Galicia, publicado en el Diario Oficial de la Comunidad Autónoma número 38 de fecha 25 de febrero del mismo año. El concello de A Estrada toma conciencia de ello y se propone adaptar su escudo municipal a la nueva ley. Se mantienen reuniones con el Vicepresidente de la Comisión de Heráldica de la Xunta de Galicia. Este órgano remite al concello tres propuestas de escudo y dos de la bandera. Tras varios debates mantenidos por parte de la comisión de cultura y una comisión de expertos se elige uno de los escudos y una bandera, después de realizar alguna modificación. La propuesta es llevada a Pleno en la sesión del 1 de julio de 2010 para proceder a su examen y aprobación, en su caso. El Pleno acuerda por unanimidad aprobar el modelo de escudo y bandera presentados, lo que se remite a la Comisión de Heráldica de la Xunta de Galicia, quien, a su vez, la aprueba y remite de nuevo al concello para ser de nuevo sometido al Pleno de la Corporación Municipal, previa exposición pública.



En el Diario Oficial de Galicia, número 77 de 19 de abril de 2011 se publica el anuncio de exposición pública, por espacio de un mes, del expediente de aprobación del Escudo y Bandera Municipales. Durante este periodo se presenta una alegación (16.5.2011) referente al diseño del nuevo escudo, pendiente aún de resolución.

El escudo propuesto trae en campo de sinople y sobre ondas de azur y plata, puente de oro de seis ojos, mazonado de sable, defendido por una torre almenada, donjonada, mazonada de sable y adjurada de gules. Jefe encajado de plata de cinco puntas, cargado de una estrella de oro de ocho puntas perfilada de sable de la que se des-

prende un haz de destellos de lo mismo; bordura de oro, en punta venera de plata, perfilada de sable, adiestrada de una rama de palma de sinople y siniestrada de una rama de roble de sinople, frutada de gules que asciende hasta el jefe. Al timbre corona real cerrada.

Vocabulario heráldico

Sinople: Color heráldico que corresponde al verde.

Azur: Nombre que en heráldica toma el color azul.

Gules: Nombre que en heráldica recibe el color rojo.

Plata: Metal heráldico. Se representa por el color blanco.

Oro: Metal heráldico. Se presenta por el color amarillo.

Sable: color heráldico correspondiente al negro.

Mazonado: Se emplea para distinguir, a los castillos, torres, murallas, etc., que se les representa con las separaciones de las piedras.

Almenado: Pieza o figura que se adorna con almenas en su parte alta.

Donjonada: La torre que tiene otra encima.

Adjurado: Cuando ventanas y puertas de un castillo, torre o casa son de distinto esmalte que la figura y el campo del escudo.

Jefe: Parte superior del escudo

Encajado: Escudo cuyas particiones encajan unas en las otras.

Cargado: Todas las piezas sobre las cuales se pintan otras.

Perfilado: Figura que lleva un trazo de distinto esmalte.

Bordura: Pieza que rodea al campo del escudo por su interior y que tiene por ancho la sexta parte del mismo.

Punta: Centro de la línea inferior del escudo. Punta del escudo.

Venera: Concha semicircular con estrías.

Adiestradas: piezas o figuras a cuya diestra se colocan otras.

Siniestrada: Toda pieza o figura que tiene otra a su izquierda.

Frutado: Árbol cargado de frutos.

Timbre: es la pieza que se coloca en la parte superior del escudo.

Corona real: Se forma por un círculo de oro enriquecido con piedras preciosas que sostienen ocho florones, hojas de apio, intercalados de una perla cada uno, levantados, sosteniendo ocho diademas cargadas de perlas, cerradas en lo alto, y en su unión un globo y una cruz llana de oro.



Toponimia menor no Concello de Forcarei. Quintelas - Dúas Igrexas

M^a José Troitiño López
mariajose@edu.xunta.es

Resumo. Neste traballo presentamos os topónimos menores recollidos sobre o terreo na aldea de Quintelas (Dúas Igrexas) no Concello de Forcarei. Acompañamos a recolleita coa análise, máis polo miúdo, dun grupo de microtopónimos que consideramos de especial interese. Con esta achega de material vivo queremos contribuir á conservación dunha parcela do patrimonio léxico e histórico do noso concello.

Abstract. This work presents the minor toponyms gathered on-the-spot in Quintelas village (Dúas Igrexas), in Forcarei. A detailed analysis about a group of micro toponyms of special interest is also included. This real material is intended to contribute to the preservation of the lexical and historical patrimony in our city council.

1. Introducción

Este traballo ten como principal obxectivo dar alento e vida a cada carreiro, leira, val, pasteiro, regato do noso pobo, da nosa aldea. Vida que fomos dando, percorrendo cada anaquiño da aldea, tentando non deixar carreiro, nin regato sen documentar. Unha sabedoría que me foron debullando as persoas que aínda terman deste pobo de Quintelas e que se resisten a abandonar. Sen eles non habería proxecto e de aí a necesidade de darlle o seu valor, dunha maneira especial a José Villaverde, Alfredo Martínez, Ermitas Pereira, María López e Higinio Troitiño que foron os meus guías. En definitiva, o que buscamos é unha posta en valor e a preservación da nosa identidade, que ten vida nos nomes de lugar. Uns nomes de lugar de incalculable valor etnográfico e cultural.

A toponimia e a microtoponimia son esa morea de cousas miúdas intanxibles, inmateriais que engloban ese conxunto de bens culturais que forman parte da nosa tradición como pobo. Ese patrimonio inmaterial no que agroma lingua, historia, lenda e mesmo maxín.

O estudo da toponimia pode ser examinado dende moitos puntos de vista, non só o lingüístico, senón tamén o histórico, o antropoló-

xico, o social ou o arqueolóxico. O topónimo á parte de recoñecer un lugar, achega información extralingüística (xeográfica, histórica, etnográfica, etc).

Tivo ó longo da súa peregrinaxe pola historia eivas importantes, por un lado a diglosia lingüística, os nomes de lugar foron falseados e mesmo suplantados pola presión do castelán. Hoxe enfróntase a outra eiva: o envellecemento da poboación rural e o abandono de aldeas.

Cómpre pois unha recolleita de material vivo. Temos que tentar evitar a perda dese patrimonio que reside case exclusivamente na memoria oral dos nosos maiores e que atura mal o paso do tempo.

A orixe dos topónimos é variada, nela reflíctense os contactos que mantiveron os galaicos ó longo da historia cos distintos pobos; de modo que en toda a xeografía galega encontrámonos con:

- Topónimos prelatinos: sirva como exemplo Arzúa, Cangas.
- Os que teñen a súa orixe na ocupación romana e que son os maioritarios; este é o caso de Compostela, Padrón, Vigo, Lugo... a través do latín entraron no galego topónimos de orixe grega ou xudea, na maior parte por influxo do cristianismo, como Mosteiro.
- Outro grupo ten unha orixe xermánica, especialmente sueva. Son numerosos os derivados de antropónimos (Goiáns, Gondomar...), tamén se inclúen os rematados en -OI, -IL, -IZ ou -IS en zonas de seseo, e *-EI como FORCAREI*.
- Orixe árabe. Os menos: (Alfoz...).
- Orixe franca: os francos serían os inmigrantes europeos que foran chegando ata os reinos peninsulares ao longo da Idade Media. Eran fundamentalmente franceses, aínda que tamén había presenza de xermanos, italianos, etc. Os que deixaron maior pegada foron os francos, sobre todo debido ó Camiño de Santiago. Deixaron o seu pouso en topónimos como Granxa, etc.
- Orixe castelá: como consecuencia da influencia do español, dará topónimos como As Ermitas, Manzaneda, etc.

Podemos tamén organiza-los topónimos segundo o seu significado, de modo que se poden crear oito grupos:

- O dos nomes de lugar que fan referencia a algún animal, os Zootopónimos.
- Os dos nomes de lugar relacionados coas plantas ou as árbores, os Fitotopónimos.
- Os das poboacións que collen o seu nome da forma ou da materia do terreo, os Orotopónimos.
- O grupo dos nomes de lugar que fan referencia á auga, os Hidrotopónimos.
- Os dos lugares que tomaron o seu nome de construcións feitas polos homes.
- O dos nomes de lugar que se refiren a maneiras de se instalaren ou asentaren os homes no territorio.
- O grupo de localidades que veñen dun nome de persoa, os Antropotopónimos.
- Os dos nomes de lugar que se refiren a santos ou construcións relixiosas. Os Haxiotopónimos.

Hai outros topónimos que non se poden incluír en ningún grupo dos anteriores, un grupo menos abundante, nomes de lugar que se refiren a vías de comunicación coma A Estrada e outros, os formados por xentilicios coma Cumbras (orixinario de Coímbra) ou Astureses (orixinarios de Asturias), etc.¹

2 . Toponimia e microtoponimia na aldea de Quintelas. Dúas Igrexas

O noso campo de traballo centrouse na aldea de Quintelas, na parroquia de Dúas Igrexas, no Concello de Forcarei.

Toponimia maior Terra de Montes

Forcarei	Quintelas
Dúas Igrexas	Monte Penide

1 Méndez Fernández, L. (2000): *¿Por qué se chama así este sitio?*. Pax. 13, 14 e 15.

Toponimia menor na aldea de Quintelas de Arriba

Abelleira, A	Mámoas, As
Campo da Plaza, O	Pernás, Os
Capeludos, Os	Pinal, O
Carballiños, Os	Porteleiro, O
Codeseira, A	Portos, Os
Coto, O	Revoltón, O
Coto as Urxelas, O	Súapresa
Cruceiro, O	Urxelas, As
Eira de Riba, A	Urxeliña, A
Ermida, A	Veigha da Porta, A
Espadana, A	Veigha Grande, A
Estremadoiro, O	Vidros, Os
Lagares, Os	Xesteira, A

Toponimia menor na aldea de Quintelas de Abaixo

Barrionca, A	Pedras, As
Besadiña, A	Pereiras, As
Breques, Os	Redondo, O
Brixeles, Os	Reiros, Os
Fonte, A	Riba da Taberna
Francas, As	Suacasa
Levacións, Os	Veighas de Baixo, As

Toponimia menor no monte Penide en Quintelas de Arriba

Baños, Os	Granxas das Cruces, As
Buratas de Campo	Olleiros, Os
Curro, As do	Pena
Caramés	Pena Aguda, A
Casteliño, O	Queixeira, A
Cima de Penide, A	Recosto, O
Congostra Vella, A	Rega da Cambota, A
Fonte da Silva, A	Rega de Penide, A
Fontiñas, As	Tras das Penas
Foxo, O	Urceira, A
Gamalla, A	Val, O
Gandarón, O	

Toponimia menor no monte de Quintelas de Abaixo

Campo	Petada, A
Carballa, A	Pousos, Os
Cerqueiral, O	Regueiro, O
Devesa, A	Riba da Chousa
Entrorriós	

Un patrimonio cultural inmaterial excepcional, tan só neste pequeno recuncho que é a aldea de Quintelas. Os seus poboadores deron nomes a cada carreiro, leira, e pasteiro; estes pequenos anaquíños de país, de lugar, son os que conforman a microtoponimia. Nomes miúdos que por sorte quedaron escritos na memoria dos poucos que quedan pero que ó igual que a maioría poden ser fanados polo abandono das actividades agrarias das aldeas.

3. Análise da toponimia maior

Tentaremos achegarnos a algún deles e facer unha pequena análise. Empezaremos pola toponimia maior. Aínda que é de todos ben coñecido, comezaremos polos topónimos TERRA DE MONTES e FORCAREI.

TERRA DE MONTES: O topónimo *Terra Montium* aparece documentado xa no século XII, nunha Bula de Pascual II, que data do 19 de abril de 1110. Dita Bula confirma as posesións da Igrexa de Santiago, a cuxa fronte estaba entón Diego Xelmírez, o prelado promotor da obra, a *Historia Compostelana*, na que se copia o documento que nos transmite este testemuño.²

FORCAREI: Sarmiento anota *Forcarey* en *Viaje 1754*. Trátase dun topónimo de orixe xermánica, pode tratarse dun antropónimo xermánico, xa que fai referencia ao nome dun posesor, posesión latifundista dun tal *Fulcaredus*, que está documentado nun texto do ano 955, no cal aparece ese nome tres veces referido a un abade “*ipsum fulcaredun abbatem*”, “*...subrinis de ipso funcaredo abba...*”, “*defunctusque ipse fulcaredus abba...*”.³

2 Valle Pérez, C. (2007): Prólogo. *Na procura da nosa identidade. Terra de Montes*.

3 Cabeza Quiles, F. (2000): *Os nomes da terra*. Pax. 189.

DÚAS IGREXAS: Topónimo relacionado con construcións, concretamente que alude a edificacións relixiosas (Haxiotopónimo). Posiblemente faga referencia á circunstanza de que esta parroquia contaba coa igrexa parroquial e unha ermida dedicada a San Vicente, dita ermida foi arruinándose por teren vendido os seus bens e rendas durante o ministerio de Godoy⁴. Estaba situada nun pequeno outeiro ao norte do lugar da Igrexa, entre o lugar da Igrexa e o de Quintelas, nun lugar que se coñece como as Mámoas. Por aquí pasaba o camiño que unía a parroquia de Dúas Igrexas con Aciveiro e que partía de Forcarei, era coñecido como o “carreiro da mámoa”. O único que se conserva é un cruceiro, seccionado, só conserva a base que é cúbica e un fuste de 80 cms. De corte cadrado e dividido en segmentos verticais con relevos.

QUINTELAS: Pola súa terminación – *ela* decatámonos de que é un diminutivo (sufixo moi prolífico) que parece derivar de *Quinta*.⁵ Estaría dentro da temática toponímica que aludiría ás maneiras de se instalaren os homes no territorio. Con este nome aludirían ás modestas casas que conforman a aldea; de feito, se facemos unha análise do tipo de casas veremos que en Quintelas de Abaixo o núcleo da aldea está formado por casas pegadas, nalgúns casos comparten medianeira, isto é que un mesmo muro se aproveitaba para soste varias casas, as casas son de pequeno tamaño, camiños estreitos, carreiros de tránsitos para as fincas compartidos, etc. Por outra banda cómpre sinalar que unha *quintela* é unha casa con leiras ó seu redor de pequeno tamaño que se arrendaba.

PENIDE: Orónimo, creado polo pobo, definiría o que representaba para eles, un lugar elevado situado sobre a aldea, un cume.

4 Madoz, p. (1845): “*Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones en ultramar*”

5 Cabeza Quiles, F (1992): *Os nomes de lugar*. Pax. 395 – 396. Os topónimos *Quinta* e *Quintana* basean a súa explicación etimolóxica na voz latina *quintana*, derivación de *quintus –a- um*, que nun principio puido significar-la quinta parte dun terreo ou herdade e despois calquera territorio cercado máis ou menos grande. Lémbromo-la voz *quinta* (“casa e finca grande), e *quintal* (“ granxa ou terreo pechado e pequeno”). De aí que o topónimo galego *Quinta*, de acordo con estas acepcións, faga referencia a fincas pechadas ou extensión territoriais, seguramente de poseosores medievais. É significativo ó respecto un escrito portugués do ano 1261 que fala do troco dunha destas propiedades: “Esta é a carta in como don Johan canbou con don Afonso perez a sa quintaa de uilla uerde”



Figura 1: Os Baños.

4. Análise da microtoponimia no monte Penide e no monte de Quintelas de Abaixo

4.1. Toponimia menor no Monte Penide en Quintelas de Arriba

BAÑOS: Terreo situado á beira do Lérez, terreo baixo con moita humidade, onde nacen fontes. Concretamente neste lugar existen fontes de augas medicinais que, segundo os veciños, “abrían o apetito” e ricas en ferro. Fai pois referencia á presenza de mananciais medicinais⁶ (Fig. 1).

CARAMÉS: Microtopónimo situado ó lado da urceira e menos utilizado. Sinala o límite do Monte de Quintelas e o inicio do Monte da Parroquia de Pereira. Quizais a súa importancia radica

6 Cabeza Quiles, F. (1992): Op. cit. Apelativo semellante ó de Caldas é o de Baños, do latín *balneu*, “baño”, por referencia a antigas instalacións terapéutico- sanitarias así chamadas, xa usadas no tempo dos romanos, e perfectamente documentadas na toponimia dende datas moi antigas. Así, nun escrito do ano 950 fálase dunha “...uilla de banios”. Exemplos actuais deste topónimo son os da parroquia de Baños, do concello ourensán de Bande, onde se atoparon unhas termas romanas; Baños de Molgas, parroquia e concello da mesma provincia con mananciais medicinais...

en que este lugar conserva restos de minería (perfectamente documentada no Inventario de Xacementos Arqueolóxicos da Provincia de Pontevedra), unha *mina* coñecida co nome de “*mina de Caramés*” ou “*mina da Urceira*”, está situada preto dun lugar onde o Lérez toma auga dun regato que nace en Narcellas. Difícil de referir a unha época determinada, aínda que poden trátarse de restos de época romana.

Nesta zona e segundo o mapa metaloxenético, é mineralizable o estaño, de modo que ese debería ser o mineral explotado.

Trátase, segundo Xulio Carballo Arceo, dunha mina en galería; presenta unha boca en forma ovalada, duns 2 m. de ancho, orientada cara o suroeste. Esta galería encóntrase entullada a escasos metros da súa entrada. Tanto a galería como os labores superficiais están realizados sobre un xacemento secundario aluvial, de cantos rolados de cuarzo e de granito, resultado das tarefas de lavado de aluviós.

As pescudas que fixen para explicar este microtopónimo non deron froitos; como apelido ten certo peso na zona que nos ocupa, e tamén nese campo é situado dentro do grupo dos enigmáticos, e sobre él apunta Méndez Ferrín que é de difícil comentario filolóxico toda vez que sexa un apelido exclusivamente galego⁷.

CASTELIÑO: Diminutivo de castelo, do latín *castellum*, cóntanos como é o terreo, fálanos dunha elevación do terreo con forma de cono. Esta zona do terreo é curiosa porque presenta unha terra de arxila e pequenas vetas de estaño.

CIMA DE PENIDE: Orónimo que fai referencia ó punto máis alto do monte.

CONGOSTRA VELLA: Microtopónimo que fai referencia a un camiño moi fondo e estreito que comunica o Recosto donde xa se inician os asentamentos das casas coa estrada Forcarei – Silleda.

FONTE DA SILVA: Sinalaría un manantial importante que rega un dos poucos prados cos que conta esta parte do monte, estes pequenos prados son coñecidos como a “granxa da señora”(foron

7 Méndez Ferrín X. L. (2007) : *Consultorio dos Nomes e dos Apelidos Galegos*. Pax. 288 e 297

en épocas pasadas cultivados). Trátase dun terreo pobre, abrupto pouco apto para o cultivo, un monte baixo onde a silva é moi abundosa, en definitiva un monte baixo e inculto abandonado para a agricultura⁸.

AS FONTIÑAS: Trátase dun hidrónimo. Lugar de nacemento de multitude de fontes, penachaira, unha das mellores zonas de pasto coas que conta o monte.

GAMALLA: Lugar resgardado, abrigoso que está repleto de árbores e arbustos.

GANDARÓN: Sería un orónimo, nome que lle deron a unha parte do monte, trátase dun monte baixo situado antes da cima de Penide. Era un lugar onde pastaba o gando da aldea, máis ou menos chan, que conclúe na cima do monte Penide.

Sarmiento quizais sexa o primeiro que repara en *gándara* topónimo e tamén na súa variante *gandarela*, recólleo en *Viaje de 1745* e en *Viaje 1754*.⁹

Dálle o sentido de “llanura e pasto”. Non alude o seu emprego en Portugal, en donde *gándara* e *gandra* xa estaban ben asentados nos dicionarios e tratados de ortografía desde o século XVIII, e cun uso localizado.¹⁰

A súa incursión nos dicionarios galegos foi indeterminada. O *Vocabulario* de Pintos define a *Gándara* como unha porción de terra chan, con auga ou pantanosa e en *Voces: Agricultura* dise que a *gándara*, *ganda* o *gandra*, equivale a *nava*.

En Carré 2^a edición, segue sendo: “Terreo inculto e chan. Monte baixo e areoso. Dehesa”, deixa de ser pura e simple “maleza” e engádese a condición de “arenoso” e un sinónimo de “dehesa” sospeitoso. Pero introduce o termo *Gandarón*, monte que separa dúas parroquias.

8 Cabeza Quiles, F. (1992): *Os nomes de lugar*. Pax. 450 e 451.

9 Sarmiento, F. Martín (1762): *El Onomástico etimológico de la lengua gallega*. I e II. Edición e estudio por J. L. Pensado, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. En *Viaje 1745* cita a variante *Gandarela* do doc. Fundacional de Lérez e dúas *Gándaras* unha en Muros e outra en Vigo, logo As *Gándaras* de Salcido, A *Gándara* Longa o *Gándaras* de Guillarey e As *Gándaras* de Budiño. En *Viaje 1754* menciona outras *Gándara* e ademais *gandarela*. *Tomo I, pax. 290 e 291*

10 Sarmiento, F. Martín (1762): *Op. cit.* “No Mondego sao as praias que deixa descubertas, quando vai mui sangrado, ou em geral terra areienta, e esteril, que mal da tojaes”.



Figura 2: O Gandarón.

No dicionario Rodríguez aparece “*Gándara* como monte arbolado e de malezas”.

O sospeitoso *Gandarón* de Carré convértese en *gandarou*. Monte alto que se eleva ao final dunha *gándara*, dende o cal se divisa unha terra chá máis ou menos extensa. Cumio que ás veces separa dúas parroquias.

Para concluír, o *Dicionario Xerais da Lingua* define *Gandarón* derivado de *Gándara*, monte que marca o final dunha *gándara* ou a separación entre dúas parroquias. Aquí cómpre engadir o recente achádego de petroglifos na ladeira deste monte, o cal podería servirmos para reforzar a tese de que este sería un antigo límite entre as parroquias de Dúas Igrexas e Pereira (Fig. 2).

GRANXA: Topónimo vivo, pero que o orixinal coñecíase como Granxa das Cruces. Conta este lugar, nun do seus puntos máis elevados cunha mámoa inventariada e totalmente estragada.

Este topónimo denuncia a presenza de antigas explotacións agroalimentarias; temos constancia que ata os anos 70 do século pasado foron utilizadas como terras de cultivo; colleitaban os veciños de Quintelas millo, patacas e sobre todo centeo. Case tódolos mosteiros de Galicia algo importantes tiñan as súas *granxas* ou *grañas*, as cales, tendo á fronte un monxe labrego, se ocuparían de

subministrar produtos agropecuarios aos seus respectivos cenobios. A *Graña*, outro topónimo dunha aldea da parroquia de Quintillán, tamén nos falaría dun lugar de produción agrícola. Ambos poderían ser os celeiros do Mosteiro de Aceveiro, estarían dentro do territorio da Encomenda, é dicir, serían terras que o mosteiro poseía con pleno dominio no civil, criminal, eclesiástico e económico. Serían as propiedades que terían no seu inicio. Ter estas terras con plenos poderes non lles foi doado, xa que a maioría delas estaban en Terra de Montes e ó ser ésta na súa totalidade xurisdicción da Mitra Compostelana, deu lugar a unha serie de pleitos moi custosos entre o Mosteiro de Aciveiro e os arcebispos composteláns. Abarcaron séculos de loita ata que o mosteiro perdeu, a principios do XVII, toda clase de xurisdición civil e criminal, quedándolle soamente a económica.

OLLEIROS: Trátase dunha penachaira, monte baixo que alberga un grupo de mámoas. Sarmiento en *Viaje* de 1754 anota varios *Oleyros* e xa propón a mesma orixe: “En las campiñas de *Oleyros*, ay señales de *Mamoas*, o Sepulcros de los Romanos. Aludirá acaso a las *Ollas Cinerarias* el nombre de *Oleyros* (*Ollarios*) y téngase esto presente, para los lugares *Oleyros*”. Establece este topónimo na Clase V: “*De posesores romanos otros nombres*”. Sarmiento é o primeiro que usa o sintagma *nombres de posesores*, hoxe habitual para designar esta clase de topónimos.

PENA AGUDA: Orónimo, fálanos dunha forma de relevo. Prové do latín *acutu*, “agudo, afiado, picudo”, trátase dunha pequena elevación puntiaguda, que contrasta coa forma redondeada de todo o Monte Penide.

PENA QUEIXEIRA: Nome que se fai eco dun detalle orográfico do monte. Refírese a unha superficie especialmente sobresaliente. Queixeira, a segunda parte do microtopónimo, aparece a miúdo asociada a terreos en costa que rematan en chairas, en forma de queixada ou caixas.¹¹ Zona de monte elevada, que está rodeada de

11 Cabeza Quiles, F.(2000) : *Os nomes da terra*. Pax 135 e 136. Onde conxetura que o topónimo Queixa proveña da palabra latina capsas, “caixa”.

... vocábulo asturiano *requexu* ten un significado relacionable co de caixa orográfica, pois nomea, nos Picos de Europa, un prado pechado ou delimitado por paredes de rocha,

chairas e de penachairas, limita coas Fontiñas, Granxas das Cruces e a superficie do foxo.

RECOSTO: Microtopónimo que fai referencia a unha forma de relevo, orográfico. Define un sitio que nos invita ó descanso, aínda que non totalmente chan. Está situado entre dúas zonas de relevo abrupto.

REGA DA CAMBOTA: Situada ao lado das Granxas, define unha canle que conduce a auga das fontes que nacen alí; cambota faría referencia á forma de relevo que recorda unha campá.

REGA DE PENIDE: Hidrónimo, con este nome definen unha forma do terreo, unha canle que conduce a auga dende o seu nacemento no monte ata o río Lérez. Esta canle deixa ó seu paso unha zona húmida que era aproveitada polo gando como pasto na época de verán e como acubillo en días moi venteados ou chuviosos.

TRAS DAS PENAS: Alude a unha superficie do monte, próxima ó curso do Lérez, presidida por un conxunto monumental de penedos.

URCEIRA: Fitotopónimo que fai referencia a un terreo no que abundan as urces; trátase dunha planta arbustiva que pode acadar os tres metros de altura, con flor abrancazadas, rosáceas ou violáceas en acios. As raíces empréganse para facer carbón vexetal.

VAL: Microtopónimo derivado, segundo a clasificación do Padre Sarmiento, da disposición natural dos lugares (Clase III), fai referencia a unha depresión entre montañas, discurriendo por este val o río Lérez.

4.2. Toponimia menor no Monte de Quintelas de Abaixo

CAMPO: Nome doutro lugar do monte. Ten un significado e unha etimoloxía clara, pois procede do latín *campus*, se non é xa romance, faría referencia a varios campos, isto é, a terreos con céspede natural. Este topónimo convértese, como ocorre case sempre, en apelido; antropónimo que se documenta na parroquia de Dúas Igrexas e resto do Concello de Forcarei (Fig. 3).

colgada sobre un precipicio. Os *requexus* verdadeiras caixas orográficas, adoitan ter unha entrada natural que, unha vez pechada, converten estes lugares en recintos moi útiles para garda-lo gando. En Galicia atopámonos co mesmo topónimo dando nome, entre outros, a unha configuración parecida.



Figura 3: O Campo.

CARBALLA: Fitotopónimo, Sarmiento clasifícaos como topónimos derivados de nomes de vexetais (Categoría II^a). Fai múltiples conxeturas sobre a orixe da voz *carvallo* e acaba confesando que era unha palabra “*de difícil etimología*” mesmo continuou sendo no período científico da lingüística. O carballo é quizais a árbore máis característica en Galicia e por iso lles dou nome a multitude de lugares. Este microtopónimo pode ser unha forma do chamado xénero dimensional, segundo o cal a terminación –a do feminino indica obxectos máis grandes cá terminación –o do masculino. A Carballa fálanos dun carballo (*Quercus robur*) vello de grandes dimensións. A realidade lévanos a un lugar repleto de carballos de grandes dimensións. Este microtopónimo deixa o seu pouso na ponte, que se eleva sobre o Lérez (entra en Dúas Igrexas polos termos de Quintelas e Valiñas), a Ponte da Carballa, construída nos anos da Segunda República, con pequenas axudas do Concello de Forcarei e traballo comunitario dos veciños de Valiñas, Quintelas e Dúas Igrexas; dirixindo a obra o

mestre de cantería Xosé María Cumbraos, de Andón. E tamén no Muíño da Carballa (moi deteriorado), situado á dereita da ponte, data do século XVIII, con sinais cruciformes no capealzo e na mocheta esquerda. Unha copla popular di:

O moiño da Carballa
ten as silvas darredore
as mozas que van a el
todas perden a colore.

CERQUEIRAL: Estamos ante outro fitotopónimo, un lugar con outra variedade de carballo (*Quercus pyrenaica* ou *Quercus toza*) que vai crear o topónimo Cerqueiral. O *Quercus pyrenaica* tamén se chama cerquiño ou cerqueiro; é unha árbore que necesita un réxime de chuvias máis escaso, abunda en zonas do interior de Galicia. Confórmase con menos cantidade de auga que o seu curmán *Quercus robur*, ten a cortiza cincenta ou parda e follas máis pequenas có carballo común, a cortiza ten propiedades curativas, fervida en agua soluciona problemas dixestivos.

DEVESA: Sarmiento en *Viaje 1745* sólo apunta unha *Santa Olalla da Devesa*. A súa etimoloxía, como a do castelán *dehesa*, xa era coñecida. Na Col. *Voces explicaa*: “La *dehesa* se formó así: *terra defensiva: defenza, dehesa; y devesa*”. Queda incluído nos topónimos derivados da disposición natural dos lugares (Clase III).

Prové da palabra latina *defensa*, do verbo *defendere*, “defender”, “preservar”. Topónimo abundantísimo en Galicia, que sinala antigas devesas ou fincas pechadas; en Galicia unha das principais funcións das devesas era a produción de madeira. Noutras ocasións o topónimo devesa ten menos pretensións e sinala fincas coutadas máis pequenas propiedade de particulares. Esta é a devesa que aparece nos dicionarios de galego co significado de “*porción de terra con árbores autóctonas ou chan coutado destinado xeralmente a pastos*”, este é o caso da Devesa de Quintelas, aquí os veciños teñen as súas pequenas porcións de monte con carballos que aproveitaban para o pasto do gando e para madeira.

ENTRORRÍOS: Hidrónimo que sinala un espazo onde conflúen regatos que aportan o seu caudal ó Lérez (Fig. 4).

PETADA: A continuación do *regueiro*, fai referencia a un camiño moi pendente, que cruzaba todo o monte e vains aproximando



Figura 4: Entrorríos.

a Aciveiro. Utilizado polo “ correo” e tamén polos veciños dos pobos inmediatos que ían a Aciveiro ou a Forcarei.

POUSOS: Microtopónimo que fai referencia á orografía, sinala un pequeno val repleto de carballos polo que discorre o Lérez; alude a un lugar de descanso, situado en medio de relevos accidentados. Sería un lugar de descanso para o correo que iría a Aciveiro, descanso merecido pois dende alí iníciase un notable ascenso que nos levará polo Regueiro e pola Petada cara Aciveiro. Era tamén o lugar de xogos dos rapaces da aldea mentres gardaban o gando.

REGUEIRO: Hidrónimo que se fai eco do aporte importante de caudal que lle fai o Lérez, zona especialmente húmida e de frondosa vexetación, lugar de especial interese paisaxístico, con bonitas cascadas e mesmo unha pequena ponte, coñecida como a “Pontella do Regueiro”. Conta tamén cun antigo camiño, “ O camiño do Regueiro”, un camiño empedrado que se dirixe dende Forcarei ata Aciveiro polo monte. Por este lugar circulou o correo andando, fálanos dun “correo” que poñería en comunica-



Figura 5: O Regueiro.

ción postal as devanditas localidades do Concello de Forcarei. Trataríase só dun correo de cartas, pois unha orde do ano 1679, na cal se explica que en vista dos numerosos roubos que se cometían nos correos ordinarios, por mor de admitirse diñeiro e mercadorías para o transporte, queda decidido que no sucesivo só se admitisen cartas¹². Existe no lugar da Igrexa unha antiga Casa de Postas, onde facía parada o correo e deixaba alí a correspondencia de Dúas Igrexas; era unha taberna hoxe xa pechada. Por este lugar pasa a ruta de sendeirismo “As Pontes do Lérez” (Fig. 5).

RIBA DA CHOUSA: Define un lugar elevado do monte, que está situado sobre ou enriba dunha chousa, neste caso fai referencia a unha zona elevada do monte situada sobre os referidos anteriormente Carballa e Pousos, é dicir ese pequeno val repleto de carballos polo que escorre o Lérez.

12 Cabeza Quiles, F. (2000): *Os nomes da terra*. Pax. 101.

4.3. Microtopónimos de especial interés situados no monte Penide

Foxo

Este microtopónimo merece unha mención especial. Forma parte da toponimia viva do Monte Penide e que grazas a él e á memoria dos poucos que quedan na aldea podemos recuperar. *Este sería un dos moitos foxos cos que contaría a Serra do Candán.*

Microtopónimo moi frecuente en Galicia, que fai referencia a foxos naturais ou a antigos foxos construídos para a caza do lobo. Neste caso alude a un antigo foxo que existiu en Penide. Desapareceu por mor da intensa actividade extractiva que sufriu toda a zona, foron os seus muros utilizados para a construción das casas da parroquia (tal e como nolo relatan os veciños que contan con 65 anos e que recordan aínda a súa existencia). O que si conservamos é o emprazamento topográfico, unha valgada en forma de embude (Fig. 4).

As referencias toponímicas son abundosas, ademais da de foxo, ou fojo en Portugal, atopamos asociados a trampas: Follobal, Folllebar, Feirobal, Fillobal, Foilebar, Foxaco, Foxaca, Foxón, Refoxo...

Este *Canis Lupus* é unha das criaturas máis míticas da historia da humanidade, pero un animal odiado en aldeas e pobos, o principal inimigo do home e para eles un ser maléfico. Así, son frecuentes os insultos e expresións asociadaos a este animal. Algún deles foi recollido por Antón Fraguas en Terras de Cotovade:

En referencia á vaca que se adianta ás demáis no pasto, acostúmase a dicir, *atrás loba!*, dos cans acostúmase a dicir, *botouse a min coma un lobo!*, *regaña os dentes coma un lobo!*

En referencia á xente dise: *quieta loba!*, *traes os pelos de punta, viches o lobo!*

Aquí cómpre engadir unha expresión que se di na miña terra: *Os peores lobos son os de dúas patas!*

Xa Plinio na súa Historia Natural di que se lle encrespan os pelos e perde a fala a quen é visto primeiro polo lobo.

Dende a prehistoria contamos coa presenza abundosa de lobos no territorio de Galicia, moitas son as razóns que favorecen esta pre-



Figura 5: O foxo.

sencia pero posiblemente o clima e a riqueza faunística sexan os maiores responsables.

Ó longo de toda a historia tentouse eliminar ao lobo con todo tipo de trampas, aínda que ó final tivo que ser o veneno e a fulminante maquinaria do progreso o que realmente o puxera en perigo de desaparecer.

O inicio da loita contra o lobo, situarase no momento en que o home abandona a caza e comeza a cultivar a terra e se fai sedentario, iníciase a loita do home con outros depredadores polo control do terreo; comeza esta confrontación na época Prehistórica chamada Megalítica. No Paleolítico, non se estorban, viven en equilibrio co medio, no Neolítico comezan a domesticar animais, presas máis doadas para o lobo e empeza a atacas, posiblemente as primitivas trampas para cazar comezan a utilizarse para atrapar lobos. Na Baixa Idade Media aparecen os documentos escritos que fan referencia a este feito, así en 1095 consta un *foguim lupalen* nun privilexio de límites do coto de Tui, concedido por don Ramón de Borgoña e a súa

muller dona Urraca. Outro *fogium lupalem* encóntrase nun documento de Rivas de Sil e *fogium lobal* en dous do mosteiro de Meira. Destes foxos fala o decreto XV do Concilio Compostelano de 1112 cando ordena:

“In unoquoque Sabbatho, excepto Paschae, et Pentecostes, Presbyteri, milites, rustici, cujusque negotti immunes, lupos exagitantes persequantur; et eis praecipitia quod vulgus fogios vocat, praeparent”.¹³

Neste documento insta a presbíteros, soldados e campesiños a perseguir lobos os sábados, agás en Pascua e Pentecostés, e a preparar precipicios ou foxos.

O etnógrafo Xaquín Lorenzo, chámalle *xeiras* organizadas contra os lobos, coma as que no século XIV ordenou o bispo D. Berenguel de Landoira, mandando que unha vez por semana saísen as parroquias co seu párroco á fronte desde o primeiro sábado de Coresma até o 24 de xuño, para dar morte ós lobos e armar foxos.

No 1542, os reis volven a dar auxe ás monterías, autorizan o veleno e dan premios polas cabezas de lobo que se presenten. Felipe IV, ordenou dar dúas batidas por ano nos pobos que houberse lobos.

Os tipos e foxo que construían eran variados: o simple, o de converxencia, de dobre converxencia e o circular ou de cabrita. Segundo a descrición que fan os informantes Alfredo Martínez, José Villaverde, Higinio Troitiño, Ermitas Varela e María López, veciños de Quintelas e que aínda recordan a súa existencia, o caso que nos ocupa trataríase dun foxo de converxencia. Estaría formado por longos muros a base de mampostería irregular, disposta linealmente en seco, abranguindo xeralmente as dúas vertentes da valgada. As paredes vanse estreitando regularmente ladeira abaixo, tipo funil, para rematar nun pasadizo estreito que emboca nunha construción circular de reducido diámetro (ao redor de 4 metros), e fondo variable, cunha pequena porta a ras de chan para retirar a vítima. O aparello empregado altérnase, entre ciclópeo na parte baixa e cachotería irregular na superior; primitivamente as paredes eran de terra con empalizadas de madeira, de aí que estes muros reciban o nome de *sebes*, xa

13 Taboada Chivite, J.: “Montería y corrida de lobos en Galicia”. *Boletín Auriense*, I, 1971, pax. 187 - 198.




Fig. 7. Hipotética reconstrución do foxo de lobo. Monte Penide.

que lembran ás primitivas construcións feitas con pólas e terra que logo se substituíron por pedra¹⁴ (Fig. 5).

A aldea enteira involucrábase na construción dos foxos, sobre todo, os homes, neste caso aproveitarían a propia pedra do monte, pois foi unha importante canteira.

Organizaríanse grandes batidas, nas que participarían xente de ámbas as dúas parroquias, de Pereira e Dúas Igrexas; encamiñaban o lobo dende as terras baixas cara o foxo. Documéntanse casos nos que os veciños das terras baixas eran convocados á cacería cando había perigo, por medio de fogueiras colocadas estratexicamente nos outeiros das terras altas, estas fogatas chamábanse *velas*¹⁵. Nos arredores deste foxo hai constancia do microtopónimo *Outeiro da Vela*, onde por medio do lume se convocaría ós veciños das terras baixas. O Outeiro da Vela, está situado no monte de Pereira e próximo o

14 Pérez López, D.: "O home e o lobo. A eterna loita entre depredadores". *Lethes. Cadernos culturais do Limia nº 8*. Pax. 127 - 153.

15 Pérez López, D.: Op. cit. Pax. 139 - 140.

foxo; trátase dunha altichaira, cunha altitude de 693 m. Conserva unha mámoa inventariada aínda que ó ter ó lado o cemiterio de Filloi, isto ben poidera haber desfeito algunha outra. Este microtopónimo derivaría de Outeiro, do latín *altus*, orónimo que fai referencia a unha elevación do terreo de pequenas dimensións; Outeiro da Vela faría referencia a ese lugar elevado no monte que lle permitiría velar, vixiar.¹⁶

As batidas eran de dous tipos:

- As de deporte ou recreo, nas que participaban os monarcas, señores, nobres, olleadores e os seus convidados.
- As comunais, nas que tiñan que participar de xeito obrigatorio os veciños dos concellos, freguesías e terras do señor, normalmente un representante por cada casa.

Para correr o lobo había que pedir unha licenza especial ao alcalde e tiña que ir unha ou dúas persoas de cada casa. Sinalado o día, normalmente o domingo, e a hora, saían os veciños das parroquias que circundan os foxos procurando descubrir o lobo. Varios individuos ían polas cancelas, a *gardar as cancelas*. Consistía esta misión en custodiar os vans do muro por onde tiña que entrar o lobo e non deixalo saír.¹⁷

A literatura da man de Xulio Llamazares explícanos como eran as batidas, fai unha descrición de como se caza ao lobo no val de Valdeón, unha alegoría do tema central (convertidos Ángel e os seus compañeiros acosados en lobos e transformado o grupo agresor en jauría humana: animalizados uns e outros, o home convertido en lobo para o home):

Allí cazan los lobos todavía como los hombres primitivos: acorralándoles. Tocan un cuerno cuando le ven y todos, hombres, mujeres y niños acuden a participar en la batida. Yo lo vi una vez. Nadie puede llevar armas, sólo palos y latas. La estrategia consiste en acechar al lobo y empujarle poco a poco hasta un barranco en cuyo extremo está lo que llaman el chorco: una fosa profunda y oculta con ramas. Cuando el lobo, al fin, ha entrado en el barranco, los hombres comienzan a correr detrás de él dando gritos y agitando los palos y las mujeres y los niños salen detrás de los árboles haciendo un gran estruendo con las

16 Cabeza Quiles, F. (1992): Op. cit. Pax. 325.

17 Fraguas Fraguas, A.: "El lobo en las tierras de Cotovad". *Boletín de la Comisión de monumentos de Ourense*. XV, 3, 1946.

latas. El lobo huye, asustado, hacia delante y cae en la trampa. Le cogen vivo y, durante varios días, le llevan por los pueblos para que la gente le insulte y le escupa antes de matarle¹⁸.

Buratas de Campo do Curro

Ao lado do foxo, existe un lugar chamado *Buratas de Campo do Curro*; fai referencia a un lugar na cima do monte onde pastaba o gando; non está cercado pero está disposto dun xeito máis ou menos circular. Engádeselle o de buratas para facer referencia ás covachas que hai no terreo. Este sería un lugar donde perseguirían ao lobo ata darlle morte no foxo.

O lobo deixou a súa pegada na literatura e na arte. No antigo Exipto, os deuses Horus e Anubis, identifícanse con Upwuat, o deus lobo arcaico. Os pobos celtas indoeuropeos representa un animal sagrado, os íberos amósano a cotío en vasos e pratos cerimoniais. Nas culturas indíxenas de América do Norte, admírase e venérase o lobo. A fundación de Roma, Rómulo e Remo, os fundadores de Roma son amantados por unha loba, a deusa-loba do culto romano primitivo, lembrada cada ano nas festas Lupercas. Na tradición oral galaico-portuguesa, existiu unha Raíña Lupa ou Luparia, relacionase con lobos na tradición; é fiandeira, tecedora, polo que tamén se asocia coas mouras¹⁹. Mesmo temos a referencia do lobo, nos apelidos daqueles que somos *López*²⁰. Tamén existía a imaxe da

18 Llamazares, J: "Luna de Lobos". Pax. 173.

19 Pérez López, D. Op. cit. Pax 131

20 Méndez Ferrín X. L. (2007): *Consultorio dos Nomes e dos Apelidos Galegos*. Este apelido, o 4º en frecuencia de uso, é levado por 187.768 (LM) coterráneos e é común (portugués Lopes, catalán Llopis) a toda a Península Ibérica descontando a área vasca onde, se aparece, é por influencia castelá. Trátase dun patronímico formado co sufixo *-ez/ -es* sobre o nome persoal Lopo, en latín Lupus. Este estaba tomado do común latino *lupus*, -i "lobo". Considérase que, a partir da predominancia dos bárbaros, aumentou o uso de Lupus por influencia de nomes xermánicos que contiñan a palabra *wulfs* que significaba así mesmo "lobo". Nos nosos documentos medievais abunda Lupus e, nos xa romances, Lopo. O nome persoal Lupus non evoluiu como o seu correspondente común *lupus*, que deu en *lobo*, e conservou o *-p-* quizais para se arredar da lembranza dunha fera que, se ben en época antigas gozaba de prestixio(as divindades Lupercii, Rómulo e Remo...) na época medieval xa o perdera. O nome feminino Lupa, malia ser o daquela raíña mítica, non produciu unha forma romance Lopa (coñecese, con todo, algunha Loba) seguramente porque, desde época romana, o nome común *lupa* significaba tamén prostituta" (lémbrese *lupanar*).

Pieira, en referencia a unha muller que pedía esmola pola parroquia, andaba chea de farrapos, coa roupa vella e esfiañada.²¹

